

GRAMMAR APPENDIX

unit 1

THE WAY WE LEARN

PRESENT SIMPLE

FORM

FORM		
Affirmative	Negative	Interrogative
I / You go	I / You do not (don't) go	Do I / you go ?
He / She / It goes	He / She / It does not (doesn't) go	Does he / she / it go ?
We / You / They go	We / You / They do not (don't) go	Do we / you / they go ?
Uses	Examples	Adverbs of frequency / Time expressions
A regular habit or routine	<i>Janet often goes to the library.</i> (Janet vai a miúdo á biblioteca.)	always, usually, occasionally, frequently, often, sometimes, rarely, seldom, never once a month, every week, in the morning, at three o'clock, on Mondays, at night, how often?
A fact	<i>Research shows that people have got different types of intelligence.</i> (A investigación demostra que a xente ten diversos tipos de intelixencia.)	
Stative verbs	<i>This cake tastes wonderful.</i> (Este pastel sabe marabilloso.)	

Forma

Afirmativa: é como a forma base (o infinitivo sen **to**) agás na 3ª persoa, que remata en **s** ou en **es**. Os verbos que engaden **es** son estes:

- Os rematados en **o, ss, sh, ch** ou **x**.

do	does
miss	misses
wish	wishes
touch	touches
fix	fixes

- Os rematados en **consoante + y**. Neste caso, o **y** cambia a **i** antes de engadir **es**.

try	tries
-----	-------

Negativa: ponse **do not (don't)** diante do verbo, mais **does not (doesn't)** na 3ª persoa.

Interrogativa: fórmase con **do / does** + o suxeito + o verbo na forma base. Se este é **to do**, terémolo como auxiliar e como verbo principal ao mesmo tempo.

Lembra que **have got, to be** e os verbos modais non precisan **do** en negativa nin interrogativa.

Usos

- Falamos de accións habituais ou rutinas.
- Falamos de feitos xerais ou científicos.
- Con *stative verbs* (repara na páxina seguinte).
- + Con horarios e programas.

*The train **leaves** at 5.30 pm.*
(O tren sae ás 5:30 da tarde.)

Os adverbios de frecuencia pónense diante do verbo, mais se é **to be** van detrás del.

*I **seldom watch** TV.* (Apenas vexo a televisión.)
*Jake **is always** nice.* (Jake sempre é simpático.)

En cambio, as expresións de tempo pónense ao final ou ao comezo da frase.

*I go to the gym **once a week**.*
(Vou ao ximnasio unha vez á semana.)

Con **How often?** e o *Present Simple* preguntamos con que frecuencia se fai algunha cousa.

***How often** do you play computer games?*
(Con que frecuencia xogas no ordenador?)

+ Indica usos adicionais aos presentados nas táboas.

PRESENT CONTINUOUS

FORM

Affirmative	Negative	Interrogative
I am going	I am (I'm) not going	Am I going?
You are going	You are not (aren't) going	Are you going?
He / She / It is going	He / She / It is not (isn't) going	Is he / she / it going?
We / You / They are going	We / You / They are not (aren't) going	Are we / you / they going?
Uses	Examples	Time expressions
An action which is happening now	<i>Mum is talking on the phone right now.</i> (Mamá está a falar por teléfono agora.)	now, right now, at the moment
A temporary action	<i>Mary and I are learning Italian this year.</i> (Mary e mais eu estamos a aprender italiano este ano.)	today, these days, this month / year, at present
A definite plan for the near future	<i>I'm meeting Martin tonight.</i> (Vou atoparme esta noite con Martin.)	tonight, tomorrow, this afternoon, next Sunday / week / month

Forma

Afirmativa: fórmase con **to be** en presente + un verbo ao que engadimos **ing** seguindo estas regras ortográficas:

- Se remata en **e** mudo este desaparece, mais se remata en **y**, manteno.
ride riding study studying
- Se é de 1 sílaba e remata en **1 vogal + 1 consoante** dobra esta, mais non a dobra se é un **w** ou un **x**.
run running show showing
fix fixing
- Se é bisílabo, pronúnciase como palabra grave e remata nun **l** ou nun **p**, dobra esas consoantes.
travel travelling kidnap kidnapping
- Se é bisílabo, pronúnciase como palabra aguda e remata en **1 vogal + 1 consoante**, dobra esta última.
begin beginning
- Se remata en **ie**, cambia estas dúas letras por un **y**.
die dying

Negativa: fórmase engadindo **not** ao verbo **to be**.

Interrogativa:ponse **to be** diante do suxeito.

Usos

- Dicirmos o que está a pasar no intre de falar.
- Expresarmos accións prolongadas que están a ocorrer nun presente máis amplo.
- Dicirmos o que faremos no futuro próximo con toda seguridade pois xa o fixamos de antemán.
- + Co adverbio **always**, para denotar unha queixa.
*He's **always complaining**.*
(Sempre está a queixarse.)

► STATIVE VERBS

Como indican un estado máis que unha acción, úsanse case sempre en *Present Simple*. Están relacionados con:

- as emocións e os sentimentos (**dislike, hate, hope, like, love, prefer, want**)
- o pensamento e a opinión (**believe, forget, guess, know, remember, think, understand**)
- a percepción e os sentidos (**feel, hear, see, smell, sound, taste, touch**)
- os prezos e as medidas (**cost, weigh, measure**)
- a pertenza (**belong, have, own**)

Alguns poden indicar estado e actividade e empregarse na forma simple e mais na continua. Por exemplo, **think**.

*Donna **thinks** the book is wonderful.*

(Donna cre / opina que o libro é estupendo.)

*He **is thinking** about going to Ireland in the summer.*

(Está a pensar en marchar a Irlanda no verán.)

O verbo **see** en *Present Continuous* indica unha acción futura fixada de antemán.

*I'm **seeing** the doctor this afternoon.*

(Esta tarde verei o médico [xa teño a citación].)

► ADJECTIVOS + PREPOSICIÓN

Detrás de **to be** adóitanse atopar adxectivos acompañados dunha preposición + un substantivo, un pronome ou un xerundio. Por exemplo:

*He **is afraid of** dogs.* (Danlle medo os cans.)

*I **am worried about** her.* (Estou preocupado por ela.)

*We **are tired of** working.*

(Estamos cansos de traballar.)

Como esa preposición é a mesma en cada caso, convén sabelas de memoria. Repara na lista dos adxectivos con preposición que hai na páxina 26.

► PHRASAL VERBS

Un **phrasal verb** é un verbo + unha ou dúas partículas que, ao unírense, adquiren un significado novo, distinto do que cada palabra ten por separado.

give (dar) give in (renderse, darse por vencido)
put (pór, poñer) put off (aprazar, adiar, pospór)

Hainos transitivos como **look after**, intransitivos como **go up**, e mesmo algúns poden ser as dúas cousas.

*Mum is **looking after** my cousins today.*

(Mamá está a coidar os meus curmáns hoxe.)

*His marks are **going up**.*

(As súas cualificacións están a mellorar.)

***Look** that word **up** in the dictionary.*

(Procura esa palabra no dicionario.)

*Things **are looking up** for me.*

(As cousas comezan a mellorar para min.)

Algúns dos transitivos permiten separar o verbo da partícula. Se o complemento directo é un substantivo pode ir en medio ou ao final, mais se é un pronome, sempre debe ir entre o verbo e a partícula.

*Please, **turn the music down**.*

*Please, **turn down the music**.*

(Por favor, baixa a música.)

*Please, **turn it down**.*

(Por favor, báixaa.)

Outros non, e polo tanto sempre levan o complemento directo detrás da partícula.

*The police are **looking into** the robbery.*

(A policía está investigando o roubo.)

*The police are **looking into** it.*

(A policía está a investigalo.)

unit 2 THE PERFECT DATE

PAST SIMPLE

FORM

Affirmative	Negative	Interrogative
I / You finished	I / You did not (didn't) finish	Did I / you finish ?
He / She / It finished	He / She / It did not (didn't) finish	Did he / she / it finish ?
We / You / They finished	We / You / They did not (didn't) finish	Did we / you / they finish ?
Uses	Examples	Time expressions
A completed action in the past	<i>I finished lunch late yesterday.</i> (Onte acabei de xantar tarde.)	yesterday, last year, two days ago, in 2004, when, then

Forma

Afirmativa: o *Past Simple* dun verbo regular é a súa forma base + a terminación **ed**. Lembra como engadila axeitadamente:

- Se o verbo remata en **e** mudo, só se engade o **d**.
change changed
- Se remata en **consoante + y**, cambia o **y** por un **i**.
try tried
- Se ten unha sílaba e remata nunha **vogal + unha consoante** dobra esta (agás se é **w** ou **x**).
drop dropped show-showed fix-fixed
- Se é bisílabo, palabra grave e remata nun **l** ou un **p**, dobra esas letras.
travel travelled kidnap kidnapped
- Se é bisílabo, palabra aguda e remata nunha **vogal + unha consoante**, dobra a consoante.
prefer preferred

Os verbos irregulares non engaden **ed**. Tes unha lista dos máis comúns na páxina 27.

Negativa: fórmase con **did not (didn't)** + a forma base do verbo en todas as persoas.

Interrogativa:ponse **did** + o suxeito + o verbo.

Usos

- Falar de accións ocorridas nun momento concreto do pasado.
 - + Expresarmos accións consecutivas no pasado.
*When Terri **arrived**, a child **gave** her a red rose.*
(Cando chegou Terri, un neno deulle unha rosa vermella.)
 - + Indicarmos que unha acción curta (introducida por **when**) ocorreu cando outra máis longa estaba en proceso.
*We were driving back home **when the car broke down**.*
(Iamos de volta á casa cando se avariou o coche.)
 - + Describirmos como eran as cousas no pasado.
*In the past, nobody **had** a mobile phone.*
(No pasado, ninguén tiña teléfono móbil.)
- A expresión **ago** (hai) vai sempre ao final.
*They left two hours **ago**.* (Marcharon hai dúas horas.)

PAST CONTINUOUS

FORM		
Affirmative	Negative	Interrogative
I was writing	I was not (wasn't) writing	Was I writing ?
You were writing	You were not (weren't) writing	Were you writing ?
He / She / It was writing	He / She / It was not (wasn't) writing	Was he / she / it writing ?
We / You / They were writing	We / You / They were not (weren't) writing	Were we / you / they writing ?
Uses	Examples	Time expressions
An incomplete action in progress at a specific time in the past	<i>At 10 o'clock last night, I was writing an e-mail to my friend Rose.</i> (Onte ás dez da noite, estaba a escribir un correo electrónico á miña amiga Rose.)	last night / week / year, at nine o'clock
An incomplete action interrupted by another action	<i>He was watching that famous TV show when I called.</i> (El estaba a ver aquel famoso espectáculo televisivo cando eu chamei.)	when, and, while, as
Two incomplete actions in progress at the same time in the past	<i>Last year I was teaching English while I was studying at university.</i> (O ano pasado ensinaba inglés mentres estudaba na universidade.)	

Forma

Afirmativa: é o pasado de **to be** + un verbo rematado en **ing**. (Repasa as regras para engadir **ing** na p. 5.)

Negativa: abonda con engadir **not** ou **n't** a **was** e **were**.

Interrogativa: antepónse **was** / **were** ao suxeito, e detrás deste poñemos o verbo en **ing**.

Usos

- Diciamos o que estaba a ocorrer nun momento concreto do pasado.
- Contarmos que algo estaba a ocorrer cando pasou outra cousa. Esta acción leva **when** e a longa, **while** ou **as**.

*I **was walking** down the street **when** I met him.*
(Ía andando pola rúa cando me atopei con el.)

***While** they **were working**, she **brought** them some food.* (Mentres traballaban, ela tróuxolles comida.)

- Para expresarmos dúas ou máis accións simultáneas no pasado, unidas por **and**, **while** ou **as**.

*I **was eating** **while** he **was telling** me the news.*
(Estaba a comer mentres el me contaba a nova.)

- + Con **always** sinalamos que unha acción pasada non nos compracía por repetida e monótona.

*They **were always talking** about the weather.*
(Siempre estaban a falar do tempo.)

PAST PERFECT SIMPLE

FORM		
Affirmative	Negative	Interrogative
I / You had stopped	I / You had not (hadn't) stopped	Had I / you stopped ?
He / She / It had stopped	He / She / It had not (hadn't) stopped	Had he / she / it stopped ?
We / You / They had stopped	We / You / They had not (hadn't) stopped	Had we / you / they stopped ?
Uses	Examples	Time expressions
A completed action which took place before another action in the past	<i>The rain had stopped before I left.</i> (A choiva tiña parado antes de que marchara.) <i>By the time she arrived, he had already gone home.</i> (Cando ela chegou, el xa marchara á casa.)	already, by the time, after, before, until, never, just

Forma

Afirmativa: Este tempo fórmase co pasado de **have** (**had**) + o participio do verbo principal, que remata en **ed** se é regular. Se é irregular cómpre sabelo de memoria. (Repara na 3ª columna da lista de verbos irregulares.)

Negativa: engadimos **not** ou a contracción **n't** a **had**.

Interrogativa: poñemos **had** diante do suxeito.

Usos

Indicar que una acción ocorreu antes que outra, a cal vai en *Past Simple*.

► SUFIOS PARA FORMAREN SUBSTANTIVOS

Os sufixos son terminacións que engadimos a algunhas palabras para formaren outras novas. Para formaren substantivos a partir de verbos empregamos **ment**, **tion** / **sion** e **er** / **or**.

agree (acordar)	agreement (acordo)
invite (invitar)	invitation (invitación)
conclude (concluir)	conclusion (conclusión)
run (correr)	runner (corredor)
sail (navegar)	sailor (mariñeiro/a)

*They finally reached an **agreement**.*
(Finalmente, chegaron a un acordo.)

Outros sufixos para formaren substantivos son **ity**, **ship**, **ness** e **ence** / **ance**, que engadimos a adxectivos, a outros substantivos e a algúns verbos.

personal (persoal)	personality (personalidade)
friend (amigo)	friendship (amizade)
happy (feliz)	happiness (felicidade)
intelligent (intelixente)	intelligence (intelixencia)
appear (aparecer)	appearance (aparencia, aspecto físico)

*Personality is more important than **appearance**.*
(A personalidade é máis importante ca o aspecto físico.)

► O XERUNDIO E O INFINITIVO

O xerundio

En inglés é a forma verbal rematada en **ing** que se emprega non nos tempos continuos, senón coma un substantivo nos seguintes casos:

- Como complemento directo dalgúns verbos:

continue	like / dislike	prefer
enjoy	love / hate	recommend
finish	miss	suggest

*He loves **sending** Valentine's cards.*
(A él encántalle enviar tarxetas de San Valentín.)

- Detrás das preposicións.
*You can ask for advice by **writing** a letter.*
(Podes pedir consello escribindo unha carta.)

- Detrás destas formas verbais:
 - can't help
 - can't stand
 - would mind / don't mind
 - be used to / get used to (Repara na páxina 10.)
 - feel like
 - it's no use
 - look forward to

*She doesn't mind **expressing** her feelings.*
(A ela non lle importa expresar os seus sentimentos.)

- Como suxeito da oración ao falarmos de accións en xeral.

***Finding** solutions to some problems is not easy.*
(Atopar solucións a algúns problemas non é doado.)

O infinitivo

É a forma verbal precedida de **to** e emprégase así:

- Detrás de verbos como:

agree	expect	promise
appear / seem	hope	refuse
choose	learn	want
decide	plan	wish

*Romeo and Juliet planned **to get married** secretly.*
(Romeo e Xulieta planearon casar en segredo.)

- Detrás dalgúns adxectivos e adverbios.

*We are happy **to help** you.*
(Estamos ledos de axudarche.)
*He ran **too slowly** **to win** the race.*
(Correu demasiado amodo para gañar a carreira.)

- Detrás do complemento indirecto de verbos como advise, invite, tell, warn, teach o persuade.

*He persuaded me **to join** the club.*
(Convinceume para que entrase no club.)

Algúns verbos de percepción (**hear**, **feel**, **see** ...), **make** e **let** levan infinitivo sen **to**.

*I saw Eric **leave** the office.*
(Vin a Eric saír da oficina.)
*Their parents make them **clean** their rooms.*
(Os seus pais fanlles limpar os seus cuartos.)

Verbos seguidos de xerundio e de infinitivo

Verbos como **begin**, **propose**, **forbid**, **intend** ou **start** poden ir con xerundio ou infinitivo e significan o mesmo.

*They started **to answer** / **answering** the letters.*
(Comezaron contestar as cartas.)

En troques, **stop**, **remember** e **forget** non significan o mesmo de levaren detrás un xerundio ou un infinitivo.

Stop + **xerundio** significa deixar de facer algo.

*Bob **stopped going out** with Gina.*
(Bob deixou de saír con Gina.)

Stop + **infinitivo** significa abandonar unha acción para facer outra cousa.

*Can we **stop to have** some coffee?*
(Podemos parar para tomar café?)

Remember + **xerundio** refírese a algo pasado.

*I **remember giving** them their tickets.*
(Lembro terlles dado as súas entradas.)

Remember + **infinitivo** refírese ao futuro.

***Remember to call** Jane before you go.*
(Lémbbrate chamar a Jane antes de marchares.)

Forget + **xerundio** sinala que se nos esqueceu algunha cousa que ocorreu no pasado.

*We **forgot meeting** the writer of the book.*
(Esquecéusenos que coñeceramos ao autor do libro.)

Forget + **infinitivo** significa esquecer facer algunha cousa.

*He always **forgets to bring** the keys.*
(Sempre esquece traer as chaves.)

unit 3

HAVE YOU HEARD?

PRESENT PERFECT SIMPLE

FORM

Affirmative	Negative	Interrogative
I / You have lived	I / You have not (haven't) lived	Have I / you lived ?
He / She / It has lived	He / She / It has not (hasn't) lived	Has he / she / it lived ?
We / You / They have lived	We / You / They have not (haven't) lived	Have we / you / they lived ?
Uses	Examples	Time expressions
An action that began in the past and continues until the present	<i>I have lived in London for two years.</i> (Vivo en Londres dende hai dous anos.) <i>How long have you been here?</i> (Canto tempo levas aquí?)	ever, never, yet, just, already, recently, lately, how long ...?, since, for
An action that took place at an undetermined time in the past and has importance in the present	<i>We have recently moved house.</i> (Mudámonos hai pouco de casa.) <i>I've already had dinner.</i> (Eu xa ceei.)	

Forma

Afirmativa: o *Present Perfect Simple* fórmase con **have** como auxiliar + un verbo en participio.

Negativa: engádese **not** ou **n't** a **have** e **has**.

Interrogativa: poñemos **have** ou **has** diante do suxeito.

Usos

- Falarmos de accións que comezaron no pasado e continúan no presente. Por iso, nalgúns casos tradúcese o verbo en presente.
- Con accións pasadas cuxos efectos son visíbeis no momento actual.
- + Expresarmos que unha acción acaba de ocorrer. Entónponse **just** entre **have** e o participio.

*The plane **has just taken off**.*

(O avión acaba de despegar.)

Con **How long?** pregúntase canto durou a acción.

*How long **have you studied** for the test?*

(Canto tempo estudaches para o exame?)

E se a acción continúa no presente, para preguntar canto tempo pasou desde que comezou.

*How long **have you lived** here?*

(Canto tempo vai que vives aquí?)

A preposición **for** sinala o tempo que durou a acción e **since** o intre en que comezou. Ambas as dúas empréganse moito co *Present Perfect Simple*.

*I **have taken** pictures of famous actors **for two years**.*

(Fixen fotos a actores de sona durante dous anos.)

*This book **has been** famous **since the film had its premiere**.*

(Este libro ten sona desde que se estreou a película.)

▶ CONTRASTE PAST SIMPLE / PRESENT PERFECT SIMPLE

A principal diferenza é que o *Past Simple* sinala o que ocorreu nun momento concreto, mentres que o *Present Perfect Simple* sitúa a acción nun período de tempo aínda non rematado.

*I **put** an advert in the newspaper last Monday, but no one **has phoned** yet.*

(Puxen un anuncio no xornal luns pasado, mais ninguén chamou aínda.)

▶ VERBOS + PREPOSICIÓN

Alguns verbos van seguidos dunha soa preposición.

agree with (estar de acordo con)
concentrate on (concentrarse en)
listen to (escoitar [a])

Mais outros poden levar máis de unha. Por exemplo:

Arrive at significa "chegar a" un lugar sempre que este non sexa unha cidade nin un país, pois nestes dous casos emprégase **arrive in**. Lembra que con este verbo nunca se debe empregar a preposición **to**.

*She **has already arrived at** the office.*

(Ela xa chegou á oficina.)

*He **arrived in** Cartagena on Sunday morning.*

(Chegou a Cartaxena domingo pola mañá.)

*They **arrived in** Venezuela at 3.00 am.*

(Chegaron a Venezuela ás 3 da madrugada.)

Talk about significa "falar de / sobre" algo, e **talk to / with** "falar con" unha persoa.

*We **talked about** our teachers.*

(Falamos dos nosos profesores.)

*The reporters want to **talk to / with** Bruce Willis.*

(Os xornalistas queren falar con Bruce Willis.)

Hear of significa “ouvir falar de” e **hear about** pode traducirse como “saber”.

*I've never **heard of** him.* (Nunca ouvín falar del.)
*Have you **heard about** her new boyfriend?*
 (Soubeches que ten un mozo novo?)

Think emprégase con **about** e **of** e en ambos os dous casos significa “opinar, parecer, semellar” ou “pensar en”, segundo o contexto.

*What do you **think about / of** the Talk magazine?*
 (Que opinas de / Que che parece a revista Talk?)
*The paparazzi **thought of** taking a photo of him.*
 (O *snaparazzi* pensou en facerlle unha foto.)

Repara na listaxe de verbos con preposición que hai ao final do caderno na páxina 26.

► USED TO / WOULD

Os dous empréganse para falarmos de accións que se repetían no pasado mais xa non. Por iso é normal atopar na frase adverbios e expresións de frecuencia.

*When I was a child, we **used to** go to the country every weekend.*
 (Cando eu era neno, adoitabamos ir ao campo todas as fins de semana.)
*When I was a child, we **would** often go to the country.*
 (Cando eu era neno, adoitabamos ir ao campo a miúdo.)

Used to tamén se emprega para falarmos de estados e situacións pasadas, e neste caso non se pode empregar **would**.

*Brad Pitt and Jennifer Aniston **used to** be married.*
 (Brad Pitt e Jennifer Aniston estiveron casados.)

Como ves no exemplo anterior, cando **used to** describe situacións ou estados non o traducimos literalmente, senón que empregamos o verbo principal en pretérito perfecto ou en pretérito imperfecto.

*I **used to** think that Rob was a good person.*
 (Eu cría que Rob era unha boa persoa.)

Nas oracións negativas e interrogativas cómpre usar o auxiliar **did**, e daquela **used** perde o “d”.

*Hugh **didn't use to** play basketball.*
 (Hugh non adoitaba xogar ao baloncesto.)
***Did** you **use to** smoke?*
 (Fumabas antes?)

► BE USED TO / GET USED TO

Be used to significa “estar afeito”, mentres que **get used to** se refire ao proceso de afacerse. En ambos os dous casosponse detrás de **to** un substantivo ou un xerundio.

Estas dúas estruturas son ben diferentes da forma verbal **used to**, pois nelas **used** non é un verbo, senón un adxectivo. Os verbos son **be** e **get**, que se conxugan e poden poñerse en distintos tempos verbais.

*Famous actors **are used to** the paparazzi.*
 (Os actores famosos están afeitos aos *paparazzi*.)
*She **is used to** going to the gym every afternoon.*
 (Está afeita a ir ao ximnasio todas as tardes.)
*He **is getting used to** his new routine.*
 (Estase afacendo á súa nova rutina.)
*I cannot **get used to** living in such a noisy street.*
 (Non me afago a vivir nunha rúa tan ruidosa.)

unit 4

WHO WE ARE

FUTURE SIMPLE

FORM

Affirmative	Negative	Interrogative
I / You will work	I / You will not (won't) work	Will I / you work ?
He / She / It will work	He / She / It will not (won't) work	Will he / she / it work ?
We / You / They will work	We / You / They will not (won't) work	Will we / you / they work ?
Uses	Examples	Time expressions
A prediction	<i>The government won't allow this type of experiment.</i> (O goberno non permitirá este tipo de experimento.)	this evening, later, next month, soon, at eleven o'clock, in an hour, tomorrow, in a few weeks, on the 8th of May, in the future
A timetable	<i>Dr Brown will see his patients at 5.00.</i> (O doutor Brown atenderá aos seus pacientes ás 5.)	
A spontaneous decision	<i>There is no meat left, so I will have fish for lunch.</i> (Non queda carne, de xeito que tomarei peixe para cear.)	

Forma

Afirmativa: para formarmos o futuro cómpre por o auxiliar **will** diante da forma base do verbo, mais no inglés falado o normal é contraelo co suxeito e daquela **will** pronúnciase como un só "I".

Negativa: engádese **not** a **will**. A forma contraída destas dúas palabras é **won't**.

Interrogativa: invértese a orde de **will** e o suxeito.

Usos

- Facermos predicións ou anunciar feitos vindeiros.
- Falarmos dun horario establecido.
- Expresarmos unha decisión repentina, isto é, algo que decidimos facer mentres estamos a falar.

BE GOING TO		
FORM		
Affirmative	Negative	Interrogative
I am going to work	I am not going to work	Am I going to work?
You are going to work	You are not (aren't) going to work	Are you going to work?
He / She / It is going to work	He / She / It is not (isn't) going to work	Is he / she / it going to work?
We / You / They are going to work	We / You / They are not (aren't) going to work	Are we / you / they going to work?
Uses	Examples	Time expressions
A planned action for the future	<i>The newspaper is going to publish the results of the experiment next week.</i> (O xornal vai publicar o resultado do experimento a vindeira semana.)	this evening, later, next month, soon, at eleven o'clock, in an hour, tomorrow, in a few weeks, on the 8th of May
An action that is about to happen	<i>Be careful! The dog is going to bite you.</i> (Ten coidado! O can vai trabarte.)	

Forma

Afirmativa: é o presente de **to be + going to + a** forma base dun verbo. Significa "ir" + infinitivo.

Negativa: abonda con empregar a forma negativa de **to be**.

Interrogativa: colócase **to be** diante do suxeito.

Usos

- Expresarmos intencións, planos e decisións sobre o que faremos nun futuro vindeiro.
- Indicarmos que algo está a piques de ocorrer pois vemos sinais diso.

► PRESENT CONTINUOUS CON VALOR DE FUTURO

Moitas veces, este presente e mais **be going to** empréganse por igual para dicir o que vai ocorrer nun futuro vindeiro. O único que os distingue é que o *Present Continuous* se reserva máis para planos persoais xa concertados.

*The scientist **is receiving / going to receive** a prize this afternoon.*
(O científico recibe / vai recibir un premio esta tarde.)
*I'm **seeing** the doctor **tomorrow**.*
(Mañá vou ao médico [xa teño a citación].)

Como é lóxico, neste uso a frase debe levar algunha expresión temporal que se refira ao futuro, non ao presente.

FUTURE PERFECT		
FORM		
Affirmative	Negative	Interrogative
I / You will have finished	I / You will not (won't) have finished	Will I / you have finished?
He / She / It will have finished	He / She / It will not (won't) have finished	Will he / she / it have finished?
We / You / They will have finished	We / You / They will not (won't) have finished	Will we / you / they have finished?
Uses	Examples	Time expressions
A completed action at a certain future time	<i>Patients will have finished their treatment in two months.</i> (Os pacientes terán rematado o seu tratamento en dúas semanas.)	by this time next week, by ten o'clock, by the end of ..., by then, by August, in two months

Forma

Afirmativa: emprégase **will have** + o participio dun verbo.

Negativa: só cómpre negar **will** engadíndolle **not**. A contracción **won't** emprégase máis no inglés falado.

Interrogativa: invírtese a orde de **will** e o suxeito.

Usos

- Indicarmos que unha acción concluirá nun momento concreto do futuro.

FUTURE CONTINUOUS**FORM**

FORM		
Affirmative	Negative	Interrogative
I / You will be working	I / You will not (won't) be working	Will I / you be working ?
He / She / It will be working	He / She / It will not (won't) be working	Will he / she / it be working ?
We / You / They will be working	We / You / They will not (won't) be working	Will we / you / they be working ?
Uses	Examples	Time expressions
An action in progress at a certain future time	<i>At this time tomorrow, Jack and Brian will be training.</i> (Mañá a esta hora, Jack e Brian estarán a adestrar.)	at this time tomorrow, at this time next ..., on Thursday, in the next decades

Forma

Afirmativa: é o futuro de **to be** + un verbo na forma **ing**.

Negativa: engádese **not** a **will (won't)**.

Interrogativa: antepoñemos **will** ao suxeito da frase.

Usos

- Este tempo emprégase para expresarmos o que estará a ocorrer nun momento determinado do futuro.

► ADVERBIOS DE INTENSIDADE

Son os que acompañan a algúns adxectivos ou a outros adverbios para matizar o seu significado dando unha idea da súa maior ou menor intensidade.

not at all (nada, ren)
 slightly (lixieiramente)
 a bit (un pouco)
 fairly (bastante, abondo)
 pretty (bastante, abondo)
 rather (bastante, abondo)
 quite (moi, bastante)
 very (moi)
 really (realmente)
 totally (totalmente)

*I'm **not at all** hungry.*

(Non teño nada de fame.)

*Cloning dogs is **rather** complicated.*

(Clonar cans é bastante complicado.)

*She speaks **very** slowly.*

(Ela fala moi amodo.)

► VERB COLLOCATIONS

Algúns verbos van seguidos de palabras ou expresións que sempre están asociadas a eles, e esa unión é aquilo que se chama **collocation**.

lose interest (perder interese)

gain experience (gañar experiencia)

Take, make e **do** son tres casos típicos, pois certas palabras (con algunhas excepcións como *decision*) só se poden empregar cun ou outro.

take a shower (ducharse)

take place (ter lugar, celebrarse)

take a break (tomar un descanso)

take part (participar)

take for granted (dar por sentado / feito)

make / take a decision (tomar unha decisión)

make an impression (causar impresión)

make a mistake (cometer un erro)

make a suggestion (facer unha suxestión)

do homework (facer deberes)

do (your) best (facer todo o posíbel)

do business (facer negocios)

do a favour (facer un favor)

do the washing-up (lavar os pratos)

do the right thing (facer o correcto)

do well (irlle a un ben)

*Young scientists **are taking part** in the investigation.*

(Científicos novos están a participar na investigación.)

*We must **make a decision** about this.*

(Cómpre tomar unha decisión sobre isto.)

*I'll **do my best** to finish the project tonight.*

(Farei todo o posíbel para rematar o traballo esta noite.)

unit 5

AGAINST ALL ODDS

AS ORACIÓNS DE RELATIVO	
DEFINING RELATIVE CLAUSES	
Uses	Examples
who / that refer to people	<i>I talked to a man who / that survived the earthquake.</i> (Falei cun home que sobreviviu ao terremoto.)
which / that refer to objects	<i>The medicines which / that we're using are from the Red Cross.</i> (As medicinas que estamos a empregar son da Cruz Vermella.)
when refers to a moment in time	<i>It was in 2005 when Hurricane Katrina hit New Orleans.</i> (Foi no 2005 cando o furacán Katrina golpeu Nova Orleáns.)
where refers to a particular place	<i>Japan is a country where earthquakes are very common.</i> (Xapón é un país onde os terremotos son moi correntes.)
whose refers to possession	<i>He's the boy whose mother saved many people's lives.</i> (El é o rapaz cuxa nai salvou as vidas de moita xente.)
NON-DEFINING RELATIVE CLAUSES	
Uses	Examples
that cannot replace who or which	<i>My brother, who lives in San Francisco, isn't afraid of earthquakes.</i> (Meu irmán, que vive en San Francisco, non se asusta dos terremotos.) <i>Elephants, which are very heavy, can live for many years.</i> (Os elefantes, que son moi pesados, poden vivir moitos anos.)

Son oracións subordinadas introducidas por un pronome ou un adverbio relativo, e hainas de dous tipos: **defining** (especificativas) e **non-defining** (explicativas).

Defining Relative Clauses

As especificativas achegan información esencial sobre o seu antecedente. Sen elas o sentido da frase ficaría incompleto, por iso non van separadas por vírgulas. Os pronomes relativos son **who**, **which**, **that** y **whose**, que se poden omitir se non son o suxeito da oración.

- **Who** (que) refírese só a persoas.
*He is the doctor (**who**) I saw on TV.*
(El é o médico que vin na televisión.)
- **Which** (que) emprégase con exclusividade con cousas.
*I watched the documentary (**which**) you recommended.*
(Vin o documental que vostede me recomendou.)
- **That** (que) pódese referir a unha persoa ou unha cousa.
*Summer is the season (**that**) he likes the most.*
(O verán é a estación que máis lle gusta.)
- **Whose** (cuxo/a, cuxos/as) nunca fai de suxeito, de xeito que non se pode omitir nin substituír por **that**.
*This is a book **whose** author is unknown.*
(Este é un libro cuxo autor é descoñecido.)

Os adverbios de relativo **when** e **where** tamén teñen como antecedente un substantivo.

- **When** (cando, en que) fai referencia a un tempo .
Pódese empregar **that** no seu lugar ou omitirse.
*I'll never forget the year (**when / that**) there were many fires in the city.* (Nunca esqueceré o ano en que houbo moitos incendios na cidade.)

- **Where** (onde, en que) indica un lugar, nunca se omite nin se pode substituír por **that**.
*I visited the area **where** the earthquake occurred.*
(Visitei a zona onde ocorreu o terremoto.)

Se diante do relativo houbese unha preposición, o máis común é omitilo e pór a preposición ao final.

- Animal behaviour is a topic **in which** cientists are interested.*
*Animal behaviour is a topic scientists are interested **in**.*
(O comportamento animal é un tema no que os científicos están interesados.)
*I saw the car crash **about which** everyone is talking.*
*I saw the car crash everyone is talking **about**.*
(Vin o accidente de tráfico do que fala todo o mundo.)

Non-defining Relative Clauses

As explicativas só engaden información extra sobre o antecedente. Sen elas a oración principal ten sentido completo; por iso van entre vírgulas.

- Jack, **who always helps people**, has worked for several organisations.* (Jack, que sempre axuda á xente, traballou para varias organizacións.)

Fórmanse con **who, which, whose, when** e **where**, non con **that**. Ademais, nunca se pode omitir o relativo.

*Peter, **who is a journalist**, has written some articles about tornadoes.* (Peter, que é xornalista, escribiu algúns artigos sobre os tornados.)

*Hurricanes, **which are common in the Caribbean**, can kill many people.* (Os furacáns, que son comúns no Caribe, poden matar moitas persoas.)

As oracións explicativas son moi formais, de xeito que no inglés falado se empregan moito máis as especificativas.

► WANT + INFINITIVO WANT + OBXECTO + INFINITIVO

Want + infinitivo

Expresa un desexo a través dun infinitivo que funciona como complemento directo de **want** e que adoita levar tamén os seus complementos. O importante é que o suxeito de **want** e o do infinitivo son o mesmo.

*Joe **wants to forget** the disaster.*
(Joe quere esquecer a desfeita.)

Want + obxecto + infinitivo

Expresa o desexo de que outra persoa faga algo.

*The president **wants the people to be** in safe areas.*
(O presidente quere que a xente estea en zonas seguras.)

En galego é unha oración subordinada co seu suxeito e o verbo en subxuntivo, mais en inglés non se considera ao suxeito como tal senón como complemento directo de **want**. Por iso, se é un pronome persoal, cómpre poñelo na forma obxecto.

*Do you **want me to phone** for help?*
(Queres que chame para pedir axuda?)

► PHRASAL VERBS: SIGNIFICADOS MÚLTIPLES

Ás veces un mesmo *phrasal verb* ten máis dun significado, como ocorre con **go** e **get**.

go down (baixar - gustar, ter aceptación)

go on (continuar, seguir - suceder, pasar, ocorrer)

get on (levarse ben - subir [a un autobús, tren ou avión])

get into (interesarse / meterse en - ingresar / entrar en)

get up (subir - erguerse da cama)

*The storm **went on** for several hours.*

(A treboada continuou varias horas.)

*People **knew something strange was going on and started to run.*** (A xente soubo que ocorría algo raro e comezou a correr.)

unit 6

WOMEN AND SPORT

OS MODAIS

Modal	Examples	Uses
can	<i>Mary can run very fast.</i> (Mary corre moi rápido.) <i>Can I call you tonight?</i> (Podo chamarte esta noite?) <i>Women's sports can be exciting to watch.</i> (Os deportes femininos poden ser emocionantes de ver.)	Ability Request Possibility
be able to	<i>Her brother is able to skate very well.</i> (O seu irmán é quen de patinar moi ben.)	Ability
can't	<i>You can't be 40 years old, you look much younger!</i> (Non podes ter 40 anos, ti pareces moito máis novo!)	Certainty that something is impossible
could	<i>She could run fast when she was a child.</i> (Ela corría rápido cando era unha nena.) <i>Could you help me with the suitcases?</i> (Poderías axudarme coas maletas?) <i>You could exercise and eat healthier food.</i> (Poderías facer exercicio e comer alimentos máis sans.) <i>It could be dangerous for women to compete with men.</i> (Podería ser perigoso para as mulleres competir cos homes.)	Past ability Polite request Polite suggestion Possibility

Modal	Examples	Uses
may	<i>It may rain tomorrow.</i> (Poida que chova mañá.) <i>May I join this team?</i> (Podo unirme a este equipo?)	Possibility Polite request
might	<i>She might win the gold medal in the competition.</i> (Podería gañar a medalla de ouro na competición.)	Possibility
would	<i>Would you open the window, please?</i> (Quererías abrir a ventá, por favor?) <i>Would you like something to drink?</i> (Gustaríache algo para beber?)	Formal request Offer
must	<i>You must train hard for the match.</i> (Debes adestrar duro para o partido.) <i>She's got a great job. She must be very happy.</i> (Ela ten un estupendo traballo. Debe estar moi feliz.)	Obligation Certainty that something is true
have to	<i>I have to buy the tickets today.</i> (Teño que mercar as entradas hoxe.)	Obligation, necessity
need to	<i>You need to practise harder.</i> (Necesitas practicar máis.)	Obligation, necessity
needn't	<i>You needn't bring anything to the party.</i> (Non precisas traer nada á festa.)	Lack of obligation
don't have to	<i>I don't have to get up early tomorrow.</i> (Non teño que erguerme cedo mañá.)	Lack of obligation
mustn't	<i>You mustn't exceed the speed limit.</i> (Non debes exceder o límite de velocidade.)	Prohibition
should	<i>You should try and get on well with your siblings.</i> (Debes tentar levarte ben cos teus irmáns.)	Advice / opinion
ought to	<i>You ought to warm up before training.</i> (Deberías quecer antes de adestrar.)	Advice / opinion

► OS MODAIS

- Son invariábeis e por tanto só teñen unha mesma forma para todas as persoas.
- Non necesitan **do** para formaren a negativa nin a interrogativa.
- Sempre van seguidos dun verbo na forma base.
- Non teñen infinitivo, participio, futuro, formas en **ing** nin tempos compostos.

Be able to e **have to** non comparten todos estes trazos, mais si algúns usos dos modais (habilidade, obriga, etc.).

can / be able to / can't

Can ten os seguintes usos:

- Expresar habelencia / capacidade no presente (saber).
- Facer pedimentos, dar e pedir permiso.
- Indicar posibilidade (poder).
- + Facer unha suxestión.

*You **can** try and join a women's football club.*
(Podes intentar entrar nun club de fútbol feminino.)

Can't, ademais destes usos en negativa, tamén expresa:

- Dedución ou certeza de que algo é imposible.

+ Prohibición.

*Today, women still **can't** play in male teams.* (Hoxe, as mulleres aínda non poden xogar en equipos masculinos.)

Be able to expresa habelencia como **can** e úsase en todos os tempos verbais que **can** non ten.

*I **haven't been able to** finish my homework yet.*
(Non puiden rematar os deberes aínda.)

could

- Emprégase para indicar habelencia no pasado.
- Pedir algo de xeito máis educado ca con **can**.
- Facer suxestións.
- Expresar unha posibilidade máis afastada ca con **can**.

may / might

Expresan posibilidade (máis afastada con **might**). Os dous levan suxeito, mentres que en galego son formas impersoais (quizais, poida / podería ser que).

May tamén se emprega para pedir algo de xeito educado.

would

Emprégase para pedir ou ofrecer algo de maneira educada.

must / have to

Expresan obriga ou necesidade, mais **must** só se emprega en presente e **have to** nos demais tempos. As persoas de autoridade adoitan empregar **must**, mais **have to** úsao todo o mundo para dicir o que ten que facer.

*You **must take** the pills twice a day.*

(Debe vostede tomar as pímulas dúas veces ao día.)

*I **have to take** the pills twice a day.*

(Teño que tomar as pímulas dúas veces ao día.)

Must tamén se emprega para expresarmos unha conclusión lóxica (deber de, ter que).

need to / needn't

Need to non é un modal, pois conxúgase e precisa **do** en negativa e interrogativa. Expresa obriga e necesidade, como **have to**.

*Ian **needs to** talk to you.* (Ian precisa falar contigo.)

Needn't en cambio, é un modal e só se emprega en negativa para indicar que non hai obriga ou necesidade de facer algo (o mesmo que **don't have to**).

*She **needn't** come.* (Non é preciso que veña ela.)

mustn't / don't have to

Mustn't indica prohibición. En troques, **don't have to** significa "non ter que" ou "non ter por que", isto é, ausencia de obriga e de necesidade, como **needn't**.

should / ought to

Os dous expresan consello e o que cremos que se debería facer, mais **should** é moito máis empregado.

Ought to apenas se emprega en negativa e interrogativa.

OS MODAIS PERFECTOS

Modal Perfect	Examples	Uses
must have	<i>Linda has arrived late. She must have been in a traffic jam.</i> (Linda chegou tarde. Ela debeu estar nun atasco de tráfico.)	Certainty that something was true
may / might have	<i>She may / might have taken the wrong bus.</i> (Quizáis / Podería ser que tomara o autobús equivocado.)	A guess about a past action
could have	<i>You could have asked the doctor before taking that medicine.</i> (Poderías ter preguntado ao doutor antes de tomar esa medicina.)	Ability to have done something but in fact did not
couldn't have	<i>He couldn't have gone to the concert because he was doing a test.</i> (El non podería ter ido ao concerto pois estaba a facer unha proba.)	Certainty that something did not happen
would have	<i>I would have gone to the party, but I was too busy.</i> (Tería ido ao partido, mais estaba ocupado de máis.)	Willingness to have done something but in fact could not
should / ought to have	<i>You should / ought to have warned me earlier.</i> (Deberías terme avisado antes.)	Criticism or regret after an event
shouldn't have	<i>He shouldn't have forgotten about her birthday.</i> (El non debería ter esquecido o seu aniversario.)	Criticism after an event
needn't have	<i>You needn't have brought anything to my party.</i> (Non terías que ter traído nada á miña festa.)	An unnecessary action in the past

must have + participio

Expresa unha conclusión lóxica sobre un feito pasado.

may / might have + participio

Emprégase para facer unha conxectura sobre algo pasado.

could have + participio

Sinala que se puido facer algo no pasado mais que finalmente non se fixo.

couldn't have + participio

Expresa a certeza de que algo non puido ter ocorrido.

would have + participio

Sinala que se quixo facer algo no pasado mais non se puido debido a factores ou circunstancias externas.

should / ought to have + participio

Con ambos os dous podemos tanto queixarnos do ocorrido no pasado como laíarnos de que non se cumprise o que esperabamos.

*The match **should / ought to have been** very exciting.*
(O partido debería ter sido moi emocionante.)

shouldn't have + participio

Este modal expresa a nosa opinión crítica arredor dun feito pasado indicando que non debería ter ocorrido.

needn't have + participio

Sinala que non había necesidade de facer o que se fixo.

► SUFFIXES PARA FORMAREN ADJECTIVOS

Os sufixos **ed** e **ing** engadidos a verbos dan adxectivos. Os rematados en **ed** describen como se sente un, e os que conclúen en **ing**, o que fai que un se sinta así.

amaze (sorprender)	amazed (sorprendido/a)
	amazing (sorprendente)
bore (aborrecer)	bored ([estar] aborrecido/a)
	boring ([ser] aborrecido/a)
embarrass (avergoñar)	embarrassed (avergoñado/a)
	embarrassing (embarazoso/a)
interest (interesar)	interested (interesado/a)
	interesting (interesante)
shock (impresionar)	shocked (impresionado/a)
	shocking (impresionante)

Alguns substantivos collen os sufixos **ful** e **less** e isto axuda a saber o significado dos adxectivos, pois **ful** quere dicir "con" e **less** "sen".

care (coidado)	careful (coidadoso/a)
	careless (descoidado/a)
harm (dano)	harmful (nocivo/a)
	harmless (inofensivo/a)
pain (dor, dolor)	painful (doloroso/a, doroso/a)
	painless (indoloro/a)
use (uso)	useful (útil)
	useless (inútil)

En troques outros só admiten un. Por exemplo, existen *peaceful* e *homeless* mais non **peaceless* nin **homeful*. Por último, cos sufixos **ous**, **al**, **able** e **ive** engadidos a algúns substantivos e verbos, tamén formamos adxectivos.

danger (perigo/a)	dangerous (perigoso/a)
nation (nación)	national (nacional)
predict (predicir)	predictable (predicíbel)
attract (atraer)	attractive (atractivo/a)

unit 7**PEOPLE AND PRODUCTS**

AS ORACIÓNS CONDICIONAIS		
FIRST CONDITIONAL		
Conditional clause	Result clause	Examples
if + Present Simple	Future Simple	<i>If you are left-handed, you will face many disadvantages.</i> (Se es zurdo, arrostrarás moitas desvantaxes.) <i>You will meet a lot of people if you travel abroad.</i> (Coñecerás moita xente se ti viaxas ao exterior.)
unless	may / might imperative	<i>If she is free tomorrow, she may / might attend the concert too.</i> (Se ela está mañá libre, ela pode / poida que asista ao concerto tamén.) <i>Search on the Internet if you want to buy some special products.</i> (Procura en internet se desexas mercar algúns produtos especiais.)
SECOND CONDITIONAL		
if + Past Simple unless	would could / might + base form	<i>If we had enough money, we would buy a new car.</i> (Se tivésemos cartos abondo, mercariamos un coche novo.) <i>You could / might learn more this year if you studied harder.</i> (Poderías aprender máis este ano se estudases máis arreo.)

THIRD CONDITIONAL		
if + Past Perfect unless	would have + past participle could / might have	<i>If I had phoned my parents, they wouldn't have been worried.</i> (Se tivese telefonado a meus pais, eles non se terían preocupado.) <i>He could / might have visited her if he had known she was ill.</i> (Podería tela visitado se el soubera que estaba doente.)

As condicionais son oracións complexas compostas por unha proposición subordinada introducida por **if** (que expresa a condición) e unha principal (que expresa o resultado). Son de tres clases.

O primeiro condicional

Fórmase con **if** + *Present Simple* na condición e futuro con **will** no resultado. Expresa o que ocorrerá de cumprirse a condición sinalada.

*If I **finish** the project soon, I **will go** to the cinema with you.*
(Se remato o traballo axiña, irei ao cinema contigo.)

Non importa a orde en que coloques o resultado e a condición, mais se esta vai primeiro, adoita poñerse unha vírgula entre amgas as dúas partes.

Ademais de co futuro, pode expresarse o resultado con **may** e **might** ou co verbo en imperativo.

*If the library **is** open, I **may / might** borrow a book.*
(Se a biblioteca está aberta, podo / podería sacar prestado un libro.)

*If you **see** Jack, **say** hello to him.*
(Se ves a Jack, saúdao.)

Para usalo en negativa podemos negar o verbo que vai en *Present Simple* ou ben deixalo en afirmativa mais introducido pola conxunción **unless** (se non, a menos que, agás que, a non ser que), que equivale a **if not**.

*He **won't believe** anything **unless** we **prove** it is true.*
(No crerá nada se non demostramos que é verdade.)

O segundo condicional

Fórmase con **if** + *Past Simple* na condición, e condicional simple (**would** + verbo na forma base) no resultado. Expresa condicións hipotéticas referidas ao presente, é dicir, que é pouco probábel que ocorran.

*If you **talked** to him, he **would understand** the situation.*
(Se falases con el, entendería a situación.)

Repara que en galego, o verbo da condicional vai en pretérito imperfecto de subxuntivo. Se o verbo da subordinada é **to be**, adoita empregarse **were** en todas as persoas.

*If that camera **weren't** so expensive, I **would buy** it.*
(Se esa cámara no fose tan cara, compraríaa.)

E sempre se emprega **were** co pronome **I** cando damos un consello.

*If I **were** you, I **would ask** my parents for permission.*
(Eu de ti, pediría permiso a meus pais.)

As variantes máis adoitas do segundo condicional son os modais **could** e **might**, mais ambos os dous sinalan que a probabilidade de que a hipótese se cumpra é aínda

menor. Equivalen ao condicional "podería" ou ás expresións "talvez / quizais".

*If I **wrote** a good composition, I **could / might** improve my mark.*

(Se escribise unha boa redacción, podería mellorar a miña cualificación.)

O terceiro condicional

Fórmase con **if** + *Past Perfect* na condición e **would have** + participio no resultado. Neste caso tampouco se expresa unha condición senón algo imposíbel, pois refírese ao pasado e a hipótese xa non pode realizarse.

*You **would have learnt** to play the guitar sooner **if** you **had taken** classes.*

(Terías aprendido a tocar a guitarra antes se asistiras a clases.)

As variantes desta estrutura son **could have** e **might have** + participio na oración principal.

*If we **had bought** the tickets on time, we **could / might have gone** to the cinema.*

(Se compráramos as entradas a tempo, poderíamos ter ido ao cinema.)

► AS ORACIÓNS TEMPORAIS

As referidas ao futuro fórmanse como as do primeiro condicional: *Present Simple* na subordinada e futuro con **will** na principal. O que cambian son as conxuncións: neste caso son **when**, **as soon as**, etc.

***When** I **get** home, I'll **be able to** help you in the kitchen.*
(Cando chegue á casa, poderei axudarche na cociña.)

*She'll **start driving** **as soon as** she **passes** her driving test.*
(Ela comezará a conducir tan axiña como aprobe o exame.)

► OS PREFIXOS

Os prefixos **un**, **im**, **in** e **dis** engádense a algúns adxectivos, substantivos e verbos para formaren os seus opostos. Coñecelos vai che axudar a entender as palabras novas.

likely (probábel)	unlikely (improbábel)
possible (posíbel)	impossible (imposíbel)
polite (educado/a)	impolite (maleducado/a)
complete (completo/a)	incomplete (incompleto/a)
advantage (vantaxe)	disadvantage (desvantaxe)
connect (conectar)	disconnect (desconectar)

*The main **disadvantage** of this is the price.*
(A principal desvantaxe disto é o prezo.)

Repara que ás veces as letras **un**, **dis**, **in** e **im** non son prefixos senón parte da palabra, como ocorre con *understand*, *discipline*, *influence* ou *important*.

Os prefixos **under**, **re**, **inter**, **over**, **anti**, **bi**, **pre** e **multi** non teñen ningún problema pois todos agás **under** e **over** se empregan tamén na nosa lingua.

ground (chan)	under ground (subterráneo/a)
write (escribir)	re write (reescribir)
national (nacional)	inter national (internacional)
active (activo/a)	over active (hiperactivo/a)
social (social, sociábel)	anti social (antisocial)
cycle (ciclo)	bicycle (bicicleta)
historic (histórico/a)	pre historic (prehistórico/a)
millionaire (millonario/a)	multi millionaire (multimillonario/a)

► SUBSTANTIVOS + PREPOSICIÓN

Alguns substantivos, sobre todo os abstractos, van seguidos de determinadas preposicións, e como sempre son as mesmas, é boa idea aprender de memoria a que vai con cada un. Repara na listaxe que hai ao final da páxina 26.

Lack of exercise has a bad effect on your health.
(A falta de exercicio ten un efecto prexudicial na saúde.)

unit 8 OUTER SPACE

▶ A VOZ PASIVA

Tense	Active	Passive
Present Simple	NASA studies other planets.	Other planets are studied by NASA.
Past Simple	NASA studied other planets.	Other planets were studied by NASA.
Future Simple	NASA will study other planets.	Other planets will be studied by NASA.
Modals	NASA should study other planets.	Other planets should be studied by NASA.
Present Continuous	NASA is studying other planets.	Other planets are being studied by NASA.
Past Continuous	NASA was studying other planets.	Other planets were being studied by NASA.
Present Perfect	NASA has studied other planets.	Other planets have been studied by NASA.
Past Perfect	NASA had studied other planets.	Other planets had been studied by NASA.
Modal Perfects	NASA must have studied other planets.	Other planets must have been studied by NASA.
have to	NASA has to study other planets.	Other planets have to be studied by NASA.
be going to	NASA is going to study other planets.	Other planets are going to be studied by NASA.

Forma

A voz pasiva é moito máis adoita en inglés que en galego, por iso ao traducirmos soemos pór o verbo na voz activa ou na forma impersonal.

Afirmativa: fórmase co verbo **to be** + o participio do verbo principal.

*An astronaut **was sent** into space.*
(Un astronauta foi enviado ao espazo.)

Para pasarmos unha oración de activa a pasiva cómpre seguir estes pasos:

- Pór o verbo **to be** no mesmo tempo que tiña o verbo principal na voz activa.

*They **sold** their house last week.*
*Their house **was sold** last week.*
(A súa casa foi vendida a semana pasada.)

- Pór como suxeito o primeiro complemento que haxa logo do verbo na frase activa, sexa directo ou indirecto. De feito, isto último é o máis adoito e exclusivo do inglés, pois en galego é imposíbel formar a pasiva desta maneira.

*The scientist explained **the theory** to the students.*
***The theory** was explained to the students by the scientist.*

(A teoría foilles explicada aos alumnos polo científico.)

*We will give **Peter** a present at the party.*
***Peter** will be given a present at the party.*
(A Peter darémolle un agasallo na festa.)

- Se o complemento indirecto é un pronome, cambiámolo á forma de suxeito.

*He showed **them** the results of the experiment.*
***They** were shown the results of the experiment.*
(Ensináronlles os resultados do experimento.)

- Pasar o suxeito da oración activa ao final da pasiva precedido de **by**. E se é un pronomine persoal, cambiádeo pola correspondente forma obxecto.

*Journalists have written thousands of articles.
Thousands of articles have been written **by** journalists.*
(Milleiros de artigos foron escritos polos xornalistas.)

*He is going to win the car race.
The car race is going to be won **by** him.*
(A carreira de coches vai ser gañada por el.)

Os modais e *be going to* non cambian, pois é o verbo que os segue o que se pon en pasiva (**be** + participio).

*The technician **must** operate the camera.
The camera **must be** operated by the technician.*
(A cámara debe ser manexada polo técnico.)

*They **have to** launch more spaceships to space.
More spaceships **have to be** launched to space.*
(Máis naves espaciais teñen que ser lanzadas ao espazo.)

*They **are going to** show the new film at this cinema.
The new film **is going to be** shown at this cinema.*
(A película nova vana poñer neste cinema.)

Negativa: só cómpre engadir **not** o **n't** ao verbo **to be**.

*That film **wasn't** directed by Spielberg.*
(Esa película non foi dirixida por Spielberg.)

Interrogativa: fórmase comezando co verbo **to be**, xa que o suxeito vai entre el e o participio.

***Were** you **examined** by the doctor?*
(Examinoute o médico?)

Se na pregunta hai un modal, un tempo composto ou un verbo en futuro, a frase pasiva comeza co modal ou co verbo auxiliar, o mesmo que na voz activa.

***Should** everything in the news **be** believed?*
(Débese crer todo das noticias?)
***Have** any new planets **been** discovered by astronomers?*
(Descubriron os astrónomos algún planeta novo?)
***Will** the job **be** finished by Monday?*
(O traballo estará rematado para luns?)

As preguntas que levan partícula interrogativa tamén invirten a orde do verbo auxiliar e do suxeito, agás cando a partícula fai de suxeito.

***When** **was** the first man **sent** to the moon?*
(Cando se enviou o primeiro home á lúa?)
***Where** **will** the film **be** filmed?*
(Onde se rodará a película?)
***Who** **will** **be** appointed for the job?*
(Quen será nomeado para o posto?)

Usos

- Como ves nos exemplos anteriores, a voz pasiva emprégase sobre todo para salientar que a acción é máis importante que o suxeito que a realiza.

*A flag **was** put on the moon.*
(Púxose unha bandeira na lúa.)

- También se emprega cando no fai falta amentar o suxeito que realiza a acción, quer porque é descoñecido, quer pouco importante, quer non se quere nomear.

*In this hotel, the rooms **are cleaned** every day.*
(Neste hotel límpanse as habitacións todos os días.)

- E relacionado co anterior, para evitarmos unha frase activa cuxo suxeito sexa **they**, **somebody**, **nobody**...

***Somebody** has made a great discovery.
A great discovery **has been** made.*
(Fíxose un gran descubrimento.)

► BOTH ... AND, EITHER ... OR Y NEITHER ... NOR

Son conxuncións disxuntivas que van en correlación.

- **Both ... and** significan "tanto / tan... como / coma". Refírense aos dous elementos amentados na frase.

***Both** my brother **and** I like travelling very much.*
(Tanto ao meu irmán coma a min gústanos moito viaxar.)
*I was **both** sad **and** disappointed when I was told the truth.* (Quedei tan triste como decepcionado cando me dixeron a verdade.)

Tamén se poden traducir como "Os/as dous, ...e ...".

***Both** Peter **and** Mary wanted to go home.*
(Os dous, Peter e Mary, querían marchar á casa.)

- **Either ... or** tamén se refíren aos dous, mais por separado, unha cousa ou a outra. Se o verbo está en negativa poden traducirse por "nin... nin" para dar énfase á negación.

*You can ask **either** Tom **or** Susan to help you.*
(Podes pedirlle a Tom ou a Susan que che axuden.)
*Vicky **doesn't** want to travel **either** to Paris **or** Rome.*
(Vicky non quere viaxar nin a París nin a Roma.)

Cando **either** vai ao comezo da frase, o verbo ponse en singular.

***Either** Chinese food **or** Italian food **is** fine with me.*
(Por min ben, dáme o mesmo comida chinesa ou italiana.)

- **Neither ... nor** tradúcense por "non... nin" ou "nin... nin". Como en inglés non se pode negar dúas veces na mesma oración, o verbo sempre vai en afirmativa.

*You can **neither** eat **nor** drink in the library.*
(Non se pode comer nin beber na biblioteca.)
*I have got **neither** a computer **nor** an MP3.*
(Non teño nin ordenador nin MP3.)

► HAVE / GET + SOMETHING + DONE

Os verbos **have** e **get** + un substantivo + un participio expresan accións que encargamos a alguén.

*I'm going to **have** / **get** my hair cut.*
(Vou cortar o pelo. [farao outra persoa, non eu])

A estrutura ten un sentido pasivo, pois o substantivo que vai en medio recibe a acción do verbo que vai en participio. Pero adóitase traducir na voz activa.

*My watch broke, so I **had it repaired** yesterday.*
(Avariouseme o reloxo, así que o arranxei / fixen arranxar onte.)
*You should **have** your eyes **checked** every year.*
(Deberías revisar a vista todos os anos.)

*The writer **had** / **got** his book **published** (by a publisher).* (O escritor publicou o seu libro. [publicouno unha editorial])

Aínda que **have** e **get** se empregan indistintamente, **get** é máis informal e común no inglés falado.

*I **got** my house **painted** last week.*
(Pintei / Pintaron a miña casa a semana pasada.)

unit 9

THE WORLD OF CRIME

REPORTED SPEECH		
Tense	Direct speech	Reported speech
Present Simple	"He works as a policeman." "El traballa de policía."	<i>She said that he worked as a policeman.</i> Ela dixo que el traballaba de policía.
Past Simple	"He worked as a policeman." "El traballou de policía."	<i>She said that he had worked as a policeman.</i> Ela dixo que el traballara de policía.
Future Simple	"He will work as a policeman." "El traballará de policía."	<i>She said that he would work as a policeman.</i> Ela dixo que el traballaría de policía.
Present Continuous	"He is working as a policeman." "El está a traballar de policía."	<i>She said that he was working as a policeman.</i> Ela dixo que el estaba a traballar de policía.
Past Continuous	"He was working as a policeman." "El estaba a traballar de policía."	<i>She said that he had been working as a policeman.</i> Ela dixo que el estivera a traballar de policía.
Present Perfect Simple	"He has worked as a policeman." "El ten traballado de policía."	<i>She said that he had worked as a policeman.</i> Ela dixo que el tiña traballado de policía.
Present Perfect Continuous	"He has been working as a policeman." "El ten estado a traballar de policía."	<i>She said that he had been working as a policeman.</i> Ela dixo que el tiña estado a traballar de policía.
Past Perfect Simple	"He had worked as a policeman." "El traballara de policía."	<i>She said that he had worked as a policeman.</i> Ela dixo que el traballara de policía.
Past Perfect Continuous	"He had been working as a policeman." "El estivera a traballar de policía."	<i>She said that he had been working as a policeman.</i> Ela dixo que el estivera a traballar de policía.

CHANGES IN MODALS	
Direct speech	Reported speech
can	could
may	might
must / have to	must / had to
will	would

O estilo indirecto emprégase para contarmos o que alguén dixo mais sen citar exactamente as súas palabras.

CHANGES IN OTHER WORDS AND EXPRESSIONS	
Direct speech	Reported speech
now	then
today	that day
tonight	that night
yesterday	the previous day / the day before
last week	the previous week / the week before
a month ago	the previous month / the month before
tomorrow	the following day / the day after / the next day
next week	the following week / the week after
here	there
this	that
these	those

a. Reported statements

Podemos contar en presente o que alguén vén de dicir, para o cal abonda con suprimir as comiñas e cambiar o pronome suxeito e a persoa do verbo.

"I am tired." **He says that he is tired.**
 ("Estou canso.") (Di que está canso.)

Mais o normal é contalo en pasado. Entón empregamos **said**, o verbo seguinte dá un salto atrás: o *Present Simple* pasa a *Past Simple*, este a *Past Perfect*, etc., e ademais dos pronomes cambian os demostrativos, os posesivos e as expresións de tempo e lugar.

A oración subordinada vai introducida pola conxunción **that**, mais no inglés falado adóitase omitir.

"I'll do an investigation here next week," the detective said. ("Farei unha investigación aquí a semana que ven", dixo o detective.)

The detective said (that) he would do an investigation there the following week.

(O detective dixo que faría unha investigación alí a semana seguinte.)

Cando a frase enuncia unha verdade xeral non hai cambios nos tempos verbais.

"Crime is punished by law," she said.
 ("A delincuencia é castigada pola lei", dixo ela.)
She said that crime is punished by law.
 (Dixo que a delincuencia é castigada pola lei.)

Para introducir o estilo indirecto os verbos máis comúns son **say** e **tell**. Este sempre leva complemento indirecto sen a preposición **to**, mentres que **say** pode levalo ou non; mais se o leva, debe ir con esa preposición.

"The police caught the robber," he said.
 ("A policía colleu ao ladrón", dixo el.)
He told us that the police had caught the robber.
He said that the police had caught the robber.
He said to us that the police had caught the robber.
 (Díxonos que a policía collera o ladrón.)

b. Reported questions

Hai dous tipos de preguntas en inglés:

1. As **Yes / No questions** son as que se poden contestar cun "si" ou un "non". Para poñelas en estilo indirecto empregamos o verbo **ask** e a continuación **if** ou **whether**. Daquela, como a pregunta deixa de selo, non hai inversión suxeito-verbo nin sinal de interrogación, e tampouco comiñas.

"Did the contestant win a lot of money?" Matt asked.
 ("Gañou moitos cartos o concursante?" preguntou Matt.)

Matt asked if / whether the contestant had won a lot of money.

(Matt preguntou se o concursante gañara moitos cartos.)

"Is John at the police station?" he asked me.

("Está John na comisaría de policía?" preguntoume.)

He asked me if / whether John was at the police station.

(Preguntoume se John estaba na comisaría de policía.)

2. As **Wh-questions** non se poden contestar cun "si" ou un "non". Son as que comezan cunha partícula interrogativa (**what, who, where, when, why, whose, how, how long**, etc.) e ao pasalas ao estilo indirecto pomos a devandita partícula no canto de **if** ou **whether**. Logo van o suxeito e o verbo, e prescindimos do sinal de interrogación e das comiñas.

"What is the name of the new show?" Sue asked.

("Como se chama o novo programa?" preguntou Sue.)

Sue asked what the name of the new show was.

(Sue preguntou como se chamaba o programa novo.)

"How long did the thief stay in prison?" he asked.

("Canto tempo estivo o ladrón no cárcere?" preguntou el.)

He asked how long the thief had stayed in prison.

(Preguntou canto tempo estivera o ladrón no cárcere.)

c. Reported orders

Para pasarmos unha orde a estilo indirecto cómpre cambiar o imperativo por un infinitivo. Mais antes debemos empregar un verbo que exprese mandato, como **tell** e **order**, seguido do complemento indirecto. Tamén se poden usar os verbos **ask** ou **beg** para expresarmos pedimentos, **invite** para facer unha invitación ou **warn** para advertir a alguén de algo.

"Stop driving so fast."

("Deixa de conducir tan rápido.")

*Mum **ordered me to stop driving so fast.***

(Miña nai ordenoume que deixara de conducir tan rápido.)

Se se tratar dunha oración negativa, poñemos **not** diante de **to**.

"Don't tell anybody." ("Non llo digas a ninguén.")

*He **begged me not to tell anybody.***

(Pregoume que non llo dixera a ninguén.)

d. Reported suggestions

Primeiro poñemos o suxeito e o verbo **suggest** en pasado e logo dicimos o que suxeriu esa persoa. As suxestións pásanse ao estilo indirecto de dúas formas:

- empregando unha oración de complemento directo introducida por **that**, co seu suxeito e o verbo na forma base.

"Let's watch the new TV show."

("Vexamos o novo programa de televisión.")

*Tom **suggested that we watch the new TV show.***

(Tom suxeriu que viramos o novo programa de televisión.)

- ou empregando o xerundio, sen especificar ningún suxeito.

"Let's phone the police immediately!"

("Chamemos á policía decontado!")

*She **suggested phoning the police immediately.***

(Ela suxeriu chamar / que chamáramos á policía decontado.)

► REPORTING VERBS

Os verbos máis empregados para introducir o estilo indirecto son **say**, **tell** e **ask**, que transmiten a mensaxe sen engadir máis información. Mais se tamén queremos comunicar a intención do falante ou o ton que empregou, podemos facer uso doutros moitos **reporting verbs**. Por exemplo:

a afirmacións: **claim, answer, admit, announce, boast, apologise, declare, explain, inform, offer, mention, remind, reply, state, insist, complain**

b preguntas: **enquire, request, wonder, want to know**

c ordes: **order, shout, demand, warn**

d rogos: **beg**

e suxestións: **advise, suggest, recommend, invite.**

"I will be home late." ("Chegarei tarde á casa.")

*She **reminded me that she would be home late.***

(Lembroume que chegaría tarde á casa.)

"Did you arrive on time?" ("Chegaches a tempo?")

*Dave **wanted to know if I had arrived on time.***

(Dave quixo saber se eu chegara a tempo.)

"Be careful!" ("Ten coidado!")

*He **shouted (at) me to be careful.***

(Berroume que tivese coidado.)

"You should keep the robber handcuffed," the judge said. ("Deberían manter ao ladrón esposado", dixo a xuíza.)

*The judge **recommended the police officers to keep the robber handcuffed.***

(A xuíza aconsellou aos axentes que mantiveran ao ladrón esposado.)

WORD LIST

A

acceptable /ək'septəbəl/ aceptábel
 actually /'æktʃʊəli/ certamente, en realidade
 addicted to /ə'dɪktɪd tu:/ adicto/a a
 admit /əd'mɪt/ recoñecer
 adopt /ə'dɒpt/ adoptar
 adult /'ædʌlt/ adulto/a
 adventure /əd'ventʃə/ aventura
 advice /əd'vaɪs/ consello
 alike /ə'laɪk/ semellante
 all dressed up /ɔ:l drest 'ʌp/ elegantemente / moi ben vestido/a
 all of a sudden /ɔ:l ɒv ə 'sʌdn/ de repente, de súpeto
 amazing /ə'meɪzɪŋ/ sorprendente
 apart /ə'pɑ:t/ separado/a, á parte
 appeal /ə'pi:l/ atraer, compracer
 appearance /ə'prərəns/ aspecto físico
 appliance /ə'plaɪəns/ electrodoméstico
 approach (sb) /ə'prəʊtʃ/ formulación, maneira de ver
 approach (v) /ə'prəʊtʃ/ achegarse a
 argue /'ɑ:gju:/ discutir, rifar
 arrange /ə'reɪndʒ/ colocar, dispor; clasificar, ordenar
 as much as /æz 'mʌtʃ æz/ tanto como
 at a time /æt ə 'taɪm/ seguido/a
 at least /æt 'li:st/ cando menos
 as well /æz 'wel/ tamén
 available /ə'veɪləbəl/ dispoñíbel

B

backwards /'bækwədz/ ao revés, cara atrás
 balloon /bə'lu:n/ globo
 beat /bi:t/ derrotar, vencer
 beloved /br'ləvɪd/ amado/a, gabado/a
 blow the whistle /bləʊ ðə 'wɪsəl/ denunciar
 boast /bəʊst/ presumir
 brave /breɪv/ valente, afouto/a
 break the law /breɪk ðə 'lɔ:/ infrinxir, transgredir a lei
 bring up /brɪŋ 'ʌp/ criar
 broadcast /'brɔ:dkɑ:st/ transmitir, emitir
 by word of mouth /baɪ wɜ:d ɒv 'maʊθ/ de boca en boca

C

campaign /kæm'peɪn/ facer campaña, "loitar"
 cash /kæʃ/ diñeiro / cartos en efectivo
 catch on /kætʃ 'ɒn/ poñerse de moda, ter éxito
 chainsaw /'tʃeɪnsɔ:/ motoserra
 chance /tʃɑ:ns/ oportunidade, ocasión

chat /tʃæt/ parolar, conversar
 classmate /'klɑ:smet/ compañeiro/a de clase
 clear /klɪə/ claro/a
 closely /'kləʊsli/ con atención
 come to mind /kʌm tə 'maɪnd/ vir á mente
 come true /kʌm 'tru:/ facerse realidade
 concentrate /'kɒnsəntreɪt/ concentrarse
 confess /kən'fes/ confesar
 connect /kə'nekt/ relacionar
 contain /kən'teɪn/ conter
 contestant /kən'testənt/ concursante
 convinced /kən'vɪnst/ convencido/a
 course /kɔ:s/ prato (dun menú)
 craze /kreɪz/ moda, "grito"
 criminal /'krɪmɪnəl/ (sb) delincuente; (adx) criminal
 customer /'kʌstəmə/ cliente/a

D

date (sb) /deɪt/ citación (amorosa)
 date (v) /deɪt/ citarse con alguén, saír (como parella)
 deal with /'di:əl wɪð/ lidiar con, telas con
 decade /'dekeɪd/ década
 dedicate /'dedɪkeɪt/ dedicar
 delivery /dɪ'lɪvəri/ reparto
 design (v) /dɪ'zʌm/ deseñar
 desperate to /'despərət tu:/ desesperado/a por, adoecido/a por
 despite /dɪ'spaɪt/ a pesar de, malia
 dessert /dɪ'zɜ:t/ sobremesa
 determined /dɪ'tɜ:mɪnd/ decidido/a a, porfiado/a en
 develop /dɪ'veləp/ desenvolver
 disappointment /dɪsə'pɔɪntmənt/ decepción, desilusión
 discover /dɪ'skʌvə/ descubrir
 don't mind /dəʊnt 'maɪnd/ non importar
 do one's best /du: wʌnz 'best/ facer todo o posíbel
 drain /dreɪn/ drenar(se), saír (un líquido)
 during /'dʒʊəriŋ/ durante, ao longo de

E

Earth /ɜ:θ/ Terra
 effect /ɪ'fekt/ influencia, efecto
 effort /'efət/ esforzo
 embarrass /ɪm'bærəs/ avergoñar, poñer en apuros
 embarrassing /ɪm'bærəsɪŋ/ embarazoso/a, vergoñento/a
 empty lot /empti: 'lɒt/ predio, terreo edificábel
 energetic /enə'dʒetɪk/ activo/a
 environment /ɪm'vaɪrənmənt/ contorno, ambiente

evaluate /r'vælju:et/ avaliar
 even though /i:vən 'ðəʊ/ aínda que
 evidence /'evidəns/ proba(s), evidencia(s)
 exchange /iks'tʃeɪndʒ/ intercambiar(se)
 excited /ik'saɪtɪd/ emocionado/a, entusiasmado/a
 expect /ik'spekt/ esperar, agardar
 express emotions /ɪkspres ɪ'məʊʃənz/ expresar emocións

F

face /feɪs/ enfrontarse a, confrontar
 fail /feɪl/ fracasar
 fake (adx) /feɪk/ falso/a
 fake (sb) /feɪk/ farsa
 fake (v) /feɪk/ finxir, amañar, montar unha farsa
 fear /fiə/ medo
 feel like /'fi:l laɪk/ apetecer
 fidget /'fɪdʒɪt/ non estar quedado/a, bulir, mexer sen parar
 find out /faɪnd 'aʊt/ descubrir, esculcar, saber
 fine (sb) /faɪn/ multa
 flag /flæg/ bandeira
 flash flood /'flæʃ flʌd/ riada
 flow /fləʊ/ fluír
 fool ... into thinking /fu:l ɪntə 'θɪŋkɪŋ/ enganar a ... facéndolle crer
 footprint /'fʊtprɪnt/ pegada do pé
 for /fɔ:/ durante, ao longo de
 full /fʊl/ pleno/a, todo/a

G

gasp /gɑ:sp/ coller una bafarada de aire
 gather /'gæðə/ xuntar, reunir
 genes /dʒi:nz/ xenes
 get hold of /get 'həʊld ɒv/ coller, termar de
 get the world to believe /get ðə 'wɜ:ld tə bɪli:v/ facer crer ao mundo
 get to know /get tə 'nəʊ/ chegar a coñecer(se)
 give advice /gɪv əd'vaɪs/ dar consello, aconsellar
 glamorous /'glæməərəs/ luxoso/a, elegante
 goggles /'gɒgəlz/ lentes especiais
 gossip (sb) /'gɒsɪp/ runrún, remusmús, dixomedíxome; contíneiro/a, rexoubeiro/a
 gossip (v) /'gɒsɪp/ rexoubar, andar con contos
 grab /græb/ coller, agarrar, termar de
 grateful /'greɪtfəl/ agradecido/a
 great at /'greɪt ət/ estupendo/a para / en
 greed /gri:d/ avaricia, avariza
 greet /gri:t/ recibir, saudar

group /gru:p/ grupo
 grow up /grəʊ 'ʌp/ crecer, medrar

H

hand (v) /hænd/ dar, entregar
 handcuffed /'hændkʌfd/ esposado/a
 hard /hɑ:d/ difícil
 hardly ever /hɑ:dli: 'evə/ case nunca
 hardship /'hɑ:dʃɪp/ dificultade, problema, atranco
 hear /'hɪə/ oír, ouvir
 height /haɪt/ estatura, altura
 hide /haɪd/ agachar(se), esconder(se), acochar(se)
 hiding place /'haɪdɪŋ pleɪs/ escondedoiro, acocho
 hoax /həʊks/ engano
 hope /həʊp/ esperar, agardar
 host /həʊst/ anfitrión/oa, presentador/a (de TV)
 huge /hju:dʒ/ enorme

I

identical /aɪ'dentɪkəl/ idéntico/a
 improve /ɪm'pru:v/ mellorar
 in any case /ɪn 'eni: keɪs/ en calquera caso
 in demand /ɪn dɪ'mɑ:nd/ solicitado/a, demandado/a
 inconvenient /ɪnkən'vi:nɪənt/ pouco axeitado/a, incómodo/a
 influence /'ɪnfluəns/ influencia
 insult /'ɪnsʌlt/ insulto
 intimate /'ɪntɪmət/ íntimo/a
 item /'aɪtəm/ artigo, produto

J

join /dʒɔɪn/ entrar en
 juicy /'dʒu:si/ zumento/a
 just as /'dʒʌst æz/ igual de

K

kind /kaɪnd/ clase, tipo
 knob /nɒb/ rodiña dun reloxo
 know for sure /'nəʊ fə 'ʃʊ:/ saber con seguranza

L

land /lənd/ aterrar (un avión)
 lap /ləp/ colo
 largely /'lɑ:dʒli/ en gran medida, en gran parte
 last /lɑ:st/ último/a, derradeiro/a
 latest /'leɪtɪst/ (o/a) último/a
 laugh /lɑ:f/ rir(se)
 law breaker /'lɔ: breɪkə/ infractor/a da lei
 lead /li:d/ conducir, guiar

leap /li:p/ salto, brinco
 leave behind /li:v bɪ'hænd/ deixar, abandonar
 legitimate /lɪ'dʒɪtɪmət/ xustificado/a, xusto/a
 let /let/ permitir, deixar
 like it or not /laɪk ɪt ɔ: 'nɒt/ gústenos ou non
 likelihood /'laɪklɪhʊd/ probabilidade
 likely /'laɪkli/ probábel
 listen /'lɪsən/ escoitar
 live up to /lɪv 'ʌp tu:/ desenvolver, completar; cumprir,
 non defraudar
 look like /'lʊk laɪk/ parecerse a, semellarse a
 luckily /'lʌkɪli/ afortunadamente, por sorte

M

major /'meɪdʒə/ principal, importante
 majority /mə'dʒɔrəti/ maioría
 make a difference /meɪk ə 'dɪfrəns/ importar, afectar
 make an effort /meɪk ən 'efət/ esforzarse, facer un
 esforzo
 manage /'mænɪdʒ/ poder, acadar, conseguir
 mankind /mæn'kaɪnd/ humanidade
 manual /'mænʒuəl/ manual
 mark /mɑ:k/ cualificación
 massive /'mæsɪv/ enorme, xigantesco/a
 match (sb) /mætʃ/ partido
 matter (sb) /'mætə/ asunto
 matter (v) /'mætə/ importar
 memorise /'meməraɪz/ memorizar
 method /'meθəd/ método
 minority /maɪ'nɔrəti/ minoría
 mistake /mɪ'steɪk/ erro, equivocación
 modest /'mɒdɪst/ modesto/a
 moisture /'mɔɪstʃə/ humidade
 moon /mu:n/ lúa
 move /mu:v/ mudarse
 mud /mʌd/ lama, barro

N

need /ni:d/ necesidade
 need to /'ni:d tu:/ necesitar
 neglect /nɪg'lekt/ descoidar
 neighbourhood /'neɪbəhʊd/ veciñanza, barrio
 no matter /nəʊ 'mætə/ sen importar
 nonsense /'nɒnsəns/ parvada, estupidez

O

offence /ə'fens/ delito
 on the lookout for /ɒn ðə 'lʊkaʊt fɔ:/ á busca de,
 na procura de

operate /'ɒpəreɪt/ accionar, manexar
 ordinary /'ɔ:dənəri/ normal, común e corrente
 out of nowhere /aʊt ɒv 'nəʊweə/ da nada
 oven /'ʌvən/ forno

P

painful /'peɪnfəl/ doloroso/a, doroso/a
 panic /'pænik/ alarmarse, caer presa do pánico
 pass on /pɑ:s 'ɒn/ pasar
 pass up /pɑ:s 'ʌp/ deixar pasar (unha oportunidade)
 plastic surgery /plæstɪk 'sɜ:dʒəri/ cirurxía plástica
 play a part /pleɪ ə 'pɑ:t/ tener / representar un papel
 pleased /pli:zd/ contento/a de (be ~: alegrarse,
 aledarse)
 plenty /'plenti/ moito/a
 population /pɒpju'leɪʃən/ poboación
 powder /'paʊdə/ po(s)
 power cut /'paʊə kʌt/ corte de luz ou de enerxía
 eléctrica
 pretend /prɪ'tend/ finxir
 profitable /'prɒfɪtəbəl/ rendíbel
 promote /prə'məʊt/ promocionar, fomentar
 proof /pru:f/ proba
 prospect /'prɒspekt/ perspectiva, expectativa
 proudly /'praʊdli/ con orgullo, orgullosamente
 prove /pru:v/ probar, demostrar
 purposely /'pɜ:pəsli/ adrede, a propósito, a mantenta

R

race /reɪs/ carreira
 reach /ri:tʃ/ chegar a
 realise /'rɪəlaɪz/ decatarse, comprender
 really /'rɪəli/ realmente (moi, extremadamente); de
 verdade
 reasonable /'rɪ:zənəbəl/ razoábel
 recognise /'rekəgnaɪz/ identificar, recoñecer
 refuse /rɪ'fuz/ negarse a
 relationship /rɪ'leɪʃənʃɪp/ relación
 rely on /rɪ'laɪ ɒn/ contar con, depender de
 remember /rɪ'membə/ lembrar, lembrarse de
 remind /rɪ'maɪnd/ lembrarlle (a un/ha)
 researcher /rɪ'sɜ:tʃə/ investigador/a
 responsible for /rɪ'spɒnsəbəl fɔ:/ responsábel de
 reveal /rɪ'vi:əl/ revelar
 risk /rɪsk/ risco
 risk your life /rɪsk jɜ: 'laɪf/ arriscar a vida
 rob /rɒb/ roubar, atracar (un lugar)
 run a business /rʌn ə 'bɪznəs/ dirixir un negocio
 rush /rʌʃ/ bulir, apresurarse

S

safe /seɪf/ seguro/a, a salvo
 save /seɪv/ salvar; aforrar
 save the day /seɪv ðə 'deɪ/ sacar dun apuro
 say ... aloud /seɪ ə 'laʊd/ dicir ... en voz alta
 scissors /'sɪzəz/ tesoiras
 scream (sb) /skri:m/ berro
 scream (v) /skri:m/ berrar
 see /si:/ ver
 seem /si:m/ parecer, semellar
 selfish /'selfɪʃ/ egoísta
 sensational /sen'seɪʃənəl/ sensacional
 sense of humour /sens əv 'hju:mə/ sentido do humor
 sensible /'sensəbəl/ asinado/a, prudente
 set up /'set ʌp/ montar, establecer
 shot /ʃɒt/ fotografía
 show up /'ʃəʊ ʌp/ presentarse, acudir
 sibling /'sɪblɪŋ/ irmán/á
 sign /saɪn/ asinar
 sign on /'saɪn ɒn/ asinar, fichar
 signal /'sɪgnəl/ sinal
 spread /spred/ difundir, espallar, propagar
 stage /steɪdʒ/ escenario
 stand a chance /stænd ə 'tʃɑ:ns/ ter unha oportunidade
 steal /sti:l/ roubar (unha cousa)
 step /step/ pisar
 sting /stɪŋ/ calote, trampa, engano
 strange /streɪndʒ/ raro/a, estraño/a
 strength /streŋθ/ forza
 stunned /stʌnd/ atónito/a, moi impresionado/a
 subject (sb) /'sʌbdʒɪkt/ disciplina, materia, tema
 subside /sʌb'saɪd/ ceder, baixar
 succeed /sək'si:d/ triunfar, ter éxito
 success /sək'ses/ éxito
 sure /ʃʊ:/ seguro/a
 surprised /sə'praɪzd/ sorprendido/a
 survive /sə'vaɪv/ sobrevivir
 suspect (sb) /'sʌspekt/ sospeitoso/a
 (be) suspicious /(bi:) sə'spiʃəs/ sospeitar
 sweep away /'swi:p ə'weɪ/ arrastrar, levarse

T

take for granted /teɪk fə 'grɑ:ntɪd/ dar por sentado / feito
 takeoff /'teɪkɒf/ despegue
 take off from /teɪk 'ɒf frɒm/ despegar de
 take the world by storm /teɪk ðə wɜ:ld baɪ 'stɔ:m/

ter un éxito enorme en todo o mundo
 talent /'tælənt/ talento
 talk show /'tɔ:k ʃəʊ/ programa de tertulia
 team /ti:m/ equipo
 tell the difference /tel ðə 'dɪfrəns/ distinguir
 tempt /tempt/ tentar
 tendency /'tendənsi/ tendencia
 theory /'θəri/ teoría
 thrill-seeking /'θrɪlsɪ:kɪŋ/ que procura emocións fortes
 tin opener /'tɪn əʊpənə/ abrelatas
 tool /tu:l/ ferramenta
 top secret /tɒp 'sɪkrət/ segredo/a, reservado/a
 track down /træk 'daʊn/ rastrexar, atopar, encontrar
 train /treɪn/ preparar, formar
 trap /træp/ atrapar
 trick (v) /trɪk/ enganar
 trust /trʌst/ confiar en
 twins /twɪnz/ xemelgos/as

U

unaware /ʌnə'weə/ ignorante (be ~: descoñecer, ignorar)
 uncanny /ʌn'kæni/ asombroso/a, incríbel
 unique to /ju:'nɪk tu:/ exclusivo/a de
 unwilling /ʌn'wɪlɪŋ/ non disposto/a, remiso/a
 useless /'ju:sləs/ inútil (be ~: non servir de nada)

V

valuable /'væljuəbəl/ valioso/a, caro/a
 van /væn/ furgoneta
 view (v) /vju:/ considerar, ver
 voice /vɔɪs/ voz

W

watch /wɒtʃ/ ver, mirar (a televisión)
 wave (sb) /weɪv/ onda
 wave (v) /weɪv/ ondear
 website /'websaɪt/ páxina web
 well-liked /'welllaɪkd/ aceptado/a, querido/a
 what it takes /wɒt ɪt 'teɪks/ o necesario, o que fai falta
 whirlpool /'wɜ:lpu:l/ remuíño
 willingness /'wɪlɪŋnəs/ desexo, vontade
 win /wɪn/ gañar
 word of warning /wɜ:d əv 'wɔ:ɪnɪŋ/ advertencia
 work out /wɜ:k 'aʊt/ entender; planear, elaborar

PHRASAL VERBS

Nesta listaxe atoparás os máis comúns traducidos segundo o contexto en que aparecen neste libro. Os *phrasal verbs* chámanse tamén *multiword verbs* porque van seguidos dunha preposición, un adverbio ou ambas as dúas cousas.

ask for: pedir	get on: levarse ben / subir (a un autobús, tren ou avión)
break away: separarse	get out of: librarse de / sacar de
break down: avariarse, derramarse	get over: repoñerse, superar
break into: introducirse en, meterse en	get together: reunir(se), xuntar(se)
break off: partir (algo)	get up: erguerse (da cama) / subir
break out: estoupar (unha guerra)	give away: revelar, delatar
break up: separarse, romper	give back: devolver, volver
bring up: educar, criar	give in: renderse, darse por vencido
call off: cancelar, suspender	give out: repartir
call on: pasar a ver, visitar	give up: deixar, renunciar a
call up: chamar por teléfono	go along: ir con, acompañar a
care about: preocuparse por, importarlle (a un)	go down: baixar / gustar, ter aceptación (unha idea)
carry on: continuar, levar adiante	go off: marcharse, irse
catch on: poñerse de moda, ter éxito	go on: continuar, seguir / suceder, pasar, ocorrer
catch up on: poñer(se) ao día	go out: saír
check in: facturar a equipaxe	go through with: levar a cabo
check out: pagar e marchar (hotel)	grow up: criarse, crecer, medrar
clean up: limpar, arranxar, ordenar	hang out: pasar o tempo por aí
come across: atopar por casualidade	hang up: colgar (o teléfono)
come apart: desfacerse, esnaquizarse	hold up: erguer / retrasar, reter
come back: regresar, volver	keep off: prohibido (pasar, pisar o céspede...) / afastar(se), apartar(se) de
come down: baixar	keep on: seguir, continuar
come off: desprenderse, soltarse	leave out: omitir, deixar fóra, excluír
come on!: vamos!, veña!	let down: decepcionar, defraudar
come up with: propor, ocorrérsele a un/unha (unha idea)	let in: deixar entrar, facer pasar
count on: contar con	live up to: desenvolver / cumprir
cut down: reducir, rebaixar	look ahead: mirar cara ao futuro
cut off: cortar, separar, afastar, illar	look after: coidar a
deal in: : comerciar en	look back on: lembrar, recordar
deal with: negociar / ocuparse de / resolver	look for: buscar, procurar
dress up: vestir(se) ben, con elegancia	look forward to: estar desexando, devecer por
end up: acabar, rematar	look in on: ir ver a alguén
feel like: apetecer, ter ganas de	look into: investigar, esculcar
feel up to: sentirse quen de	look on: considerar
figure out: comprender, explicarse	look out: ter coidado / conta
fill in: cubrir (impreso ou documento)	look over: revisar, repasar
find out: descubrir, esculcar	look through: ignorar, finxir non ver a alguén
get ahead: progresar, ter éxito	look up: mellorar / procurar (información nun libro) / ir visitar
get away: escapar(se), fuxir	look up to: admirar
get away with: saír(se) coa súa, quedar impune	make straight for: ir directamente a / por
get back: volver, tornar, voltar, regresar	make up: inventar(se) / reconciliarse
get by: amañarse	miss out on: deixar pasar, perderse (algo bo)
get down: baixarse, anicarse	pay back: devolver, volver (diñeiro, cartos) / vingarse
get hold of: coller(se), agarrar(se) de, termar de	pay for: pagar / ser castigado
get into: entrar en / meterse en (<i>hobby</i>)	pay off: saldar un pagamento / pagar a pena
get off: baixar (dun autobús, tren ou avión)	

pick out: elixir, escoller
pick up: recoller do chan / a alguén
put away: gardar, poñer no seu sitio
put off: aprazar, adiar
put on: poñer (roupa), vestir
put out: apagar (un cigarro)
put up with: aguantar, soportar
ring off: colgar (o teléfono)
ring up: chamar, telefonar
run away from: escapar, fuxir de
run into: tropezar con, bater con
run out of: quedar sen
run over: atropelar
serve on: ser membro de
set off / out: saír, poñerse en camiño
show up: aparecer, presentarse (nun sitio)
stand for: representar, significar
stand out: destacar, salientar, sobresaír
stand up: poñerse a pé
stand up for: respaldar, apoiar a (alguén)
stop by: pasarse por
switch off: apagar (a luz)
switch on: acender, prender (a luz)

take after: parecerse a, semellarse a
take apart: desarmar (un aparello)
take away: quitar, levar(se)
take back: retractarse, retirar (o dito)
take down: apuntar, tomar nota
take part in: participar en
take off: despegar (avión) / quitar (roupa)
take out: sacar
take over: ocupar (un posto)
take up: comezar a facer, dedicarse a
try on: probar (roupa)
turn around: dar a volta
turn back: volver, voltar, regresar
turn down: baixar (o volume) / rexeitar
turn into: converterse en
turn off: apagar (a radio / TV)
turn on: encender, prender (a radio / TV)
turn out: apagar (a luz)
turn over: dar a volta (a unha cousa)
turn up: subir (o volume) / chegar, aparecer
work out: entender / elaborar / facer exercicio
write down: apuntar, anotar

PREPOSITION LIST

ADJECTIVES + PREPOSITIONS

(after *to be*)

afraid of: asustado de, amedrentado de
bad for: malo para
cruel to: cruel con
disappointed in: decepcionado de
disappointed with: decepcionado con
excited about: emocionado con
good at: bo en / para
insulted by: insultado por
interested in: interesado en
involved in: involucrado en
late for: tarde a/para
pleased with: comprado / contento con
proud of: orgulloso, fachendoso de
satisfied with: satisfeito con
surprised by: sorprendido por / con
terrible at: malísimo en / para

NOUNS + PREPOSITIONS

apology for: desculpa por
argument about: discusión, rifa sobre / por
awareness of: conciencia de
disadvantage of: desvantaxe de
effect on: efecto / influencia en / sobre
increase in: aumento en / de
interest in: interese en / por
lack of: falta de
need for: necesidade de
objection to: obxección a / contra
reason for: razón para
report on: informe de / sobre
solution to: solución a

VERBS + PREPOSITIONS

accuse (someone) of: acusar (a alguén) de
agree with: estar de acordo con
apologise for: desculparse por
arrive at: chegar a
arrive in: chegar a (unha cidade ou un país)
believe in: crer en
belong to: pertencer a
boast about: presumir de
concentrate on: concentrarse en
depend on: depender de
hear about: saber
hear of: oír / ouvir falar de
insist on: insistir en, teimar en
listen to: escoitar (a)
rely on: confiar en
remind (someone) of: recordarlle (a alguén) (a)
succeed in: triunfar en
talk about: falar de / sobre
talk to / with: falar con
think about / of: opinar de / pensar en
wait for: esperar, agardar

IRREGULAR VERBS

BASE FORM (V1)	PAST SIMPLE (V2)	PAST PARTICIPLE (V3)	GALICIAN
be /bi:/	was / were /wɒz/ wɜ:/	been /bi:n/	ser, estar
beat /bi:t/	beat /bi:t/	beaten /'bi:tɪn/	golpear, bater
become /br'kʌm/	became /br'keɪm/	become /br'kʌm/	chegar a ser
begin /br'gɪn/	began /br'gæn/	begun /br'gʌn/	comezar, empezar
bend /bend/	bent /bent/	bent /bent/	dobrar
bet /bet/	bet /bet/	bet /bet/	apostar
bite /baɪt/	bit /bɪt/	bitten /'bɪtɪn/	trabar
bleed /bli:d/	bled /bled/	bled /bled/	sangrar
blow /bləʊ/	blew /blu:/	blown /bləʊn/	soprar
break /breɪk/	broke /brəʊk/	broken /'brəʊkən/	crebar, rachar
bring /brɪŋ/	brought /brɔ:t/	brought /brɔ:t/	traer
build /bɪld/	built /bɪlt/	built /bɪlt/	construír
burn /bɜ:n/	burnt / burned /bɜ:nt/ bɜ:nd/	burnt / burned /bɜ:nt/ bɜ:nd/	queimar
burst /bɜ:st/	burst /bɜ:st/	burst /bɜ:st/	estoupar, estourar
buy /baɪ/	bought /bɔ:t/	bought /bɔ:t/	mercar, comprar
catch /kætʃ/	caught /kɔ:t/	caught /kɔ:t/	coller, agarrar
choose /tʃu:z/	chose /tʃəʊz/	chosen /'tʃəʊzn/	elixir
come /kʌm/	came /keɪm/	come /kʌm/	vir
cost /kɒst/	cost /kɒst/	cost /kɒst/	custar
cut /kʌt/	cut /kʌt/	cut /kʌt/	cortar
deal /di:l/	dealt /delt/	dealt /delt/	comerciar, tratar
dig /dɪg/	dug /dʌg/	dug /dʌg/	cavar, sachar
do /du:/	did /dɪd/	done /dʌn/	facer
draw /drɔ:/	drew /dru:/	drawn /drɔ:n/	debuxar
dream /dri:m/	dreamt / dreamed /dremt/ dri:md/	dreamt / dreamed /dremt/ dri:md/	soñar
drink /drɪŋk/	drank /dræŋk/	drunk /drʌŋk/	beber
drive /draɪv/	drove /drəʊv/	driven /'drɪvn/	conducir
eat /i:t/	ate /eɪt/	eaten /'i:tɪn/	comer
fall /fɔ:l/	fell /fel/	fallen /'fɔ:lɪn/	caer
feed /fi:d/	fed /fed/	fed /fed/	alimentar
feel /fi:l/	felt /felt/	felt /felt/	sentir(se)
fight /faɪt/	fought /fɔ:t/	fought /fɔ:t/	loitar
find /faɪnd/	found /faʊnd/	found /faʊnd/	atopar
fly /flaɪ/	flew /flu:/	flown /fləʊn/	voar
forget /fə'get/	forgot /fə'gɒt/	forgotten /fə'gɒtɪn/	esquecer
forgive /fə'gɪv/	forgave /fə'geɪv/	forgiven /fə'gɪvn/	perdoar
freeze /fri:z/	froze /frəʊz/	frozen /'frəʊzn/	conxelar(se)
get /get/	got /gɒt/	got /gɒt/	conseguir, acadar
give /gɪv/	gave /geɪv/	given /'gɪvn/	dar
go /gəʊ/	went /went/	gone /gɒn/	ir
grow /grəʊ/	grew /gru:/	grown /grəʊn/	crecer, cultivar
hang /hæŋ/	hung / hanged /hʌŋ/ hæŋd/	hung / hanged /hʌŋ/ hæŋd/	pendurar
have /hæv/	had /hæd/	had /hæd/	ter
hear /hɪə/	heard /hɜ:d/	heard /hɜ:d/	oír, ouvir
hide /haɪd/	hid /hɪd/	hidden /'hɪdn/	agochar
hit /hɪt/	hit /hɪt/	hit /hɪt/	golpear, bater
hold /həʊld/	held /held/	held /held/	suxeitar, termar de
hurt /hɜ:t/	hurt /hɜ:t/	hurt /hɜ:t/	facen dano, mancar
keep /ki:p/	kept /kept/	kept /kept/	gardar, manter
know /nəʊ/	knew /nju:/	known /nəʊn/	saber, coñecer
lay /leɪ/	laid /leid/	laid /leid/	pór, estender
lead /li:d/	led /led/	led /led/	dirixir
learn /lɜ:n/	learnt / learned /lɜ:nt/ lɜ:nd/	learnt / learned /lɜ:nt/ lɜ:nd/	aprender
leave /li:v/	left /left/	left /left/	deixar, marchar
lend /lend/	lent /lent/	lent /lent/	emprestar, deixar (algo)
let /let/	let /let/	let /let/	permitir, deixar

BASE FORM (V1)	PAST SIMPLE (V2)	PAST PARTICIPLE (V3)	GALICIAN
lie /laɪ/	lay /leɪ/	lain /leɪn/	tombarse, deitarse
lie /laɪ/ (regular verb)	lied /laɪd/	lied /laɪd/	mentir
light /laɪt/	lit /lɪt/	lit /lɪt/	acender, prender
lose /luːz/	lost /lɒst/	lost /lɒst/	perder
make /meɪk/	made /meɪd/	made /meɪd/	facar, fabricar
mean /miːn/	meant /ment/	meant /ment/	significar, querer dicir
meet /miːt/	met /met/	met /met/	coñecer a, reunirse con
pay /peɪ/	paid /peɪd/	paid /peɪd/	pagar
put /pʊt/	put /pʊt/	put /pʊt/	poñer, pór
read /riːd/	read /red/	read /red/	ler
ride /raɪd/	rode /rəʊd/	ridden /'rɪdn/	montar
ring /rɪŋ/	rang /ræŋ/	rung /rʌŋ/	chamar (por teléfono)
rise /raɪz/	rose /rəʊz/	risen /'rɪzn/	elevarse, alzarse erguerse
run /rʌn/	ran /ræn/	run /rʌn/	correr
say /seɪ/	said /sed/	said /sed/	dicir
see /siː/	saw /sɔː/	seen /siːn/	ver
sell /sel/	sold /səʊld/	sold /səʊld/	vender
send /send/	sent /sent/	sent /sent/	enviar
set /set/	set /set/	set /set/	colocar
sew /səʊ/	sewed /səʊd/	sewn /səʊn/	coser
shake /ʃeɪk/	shook /ʃʊk/	shaken /'ʃeɪkn/	axitar
shine /ʃaɪn/	shone /ʃɒn/	shone /ʃɒn/	brillar, escintilar
shoot /ʃuːt/	shot /ʃɒt/	shot /ʃɒt/	disparar
show /ʃəʊ/	showed /ʃəʊd/	shown /ʃəʊn/	amosar
shut /ʃʌt/	shut /ʃʌt/	shut /ʃʌt/	pechar, calar
sing /sɪŋ/	sang /sæŋ/	sung /sʌŋ/	cantar
sink /sɪŋk/	sank /sæŋk/	sunk /sʌŋk/	afundir
sit /sɪt/	sat /sæt/	sat /sæt/	sentar
sleep /sliːp/	slept /slept/	slept /slept/	durmir
smell /smel/	smelt / smelled /smelt/smeld/	smelt / smelled /smelt/smeld/	ulir, cheirar
speak /spiːk/	spoke /spəʊk/	spoken /'spəʊkn/	falar
spell /spel/	spelt /spelt/	spelt /spelt/	soletrear
spend /spend/	spent /spent/	spent /spent/	gastar, empregar
spill /spɪl/	spilt /spɪlt/	spilt /spɪlt/	xirar
spoil /spɔɪl/	spoilt / spoiled /spɔɪlt/spɔɪld/	spoilt / spoiled /spɔɪlt/spɔɪld/	arruinar, estragar
spread /spred/	spread /spred/	spread /spred/	untar, espallar(se)
spring /sprɪŋ/	sprang /spræŋ/	sprung /sprʌŋ/	brincar, choutar
stand /stænd/	stood /stʊd/	stood /stʊd/	estar a pé
steal /stiːl/	stole /stəʊl/	stolen /'stəʊln/	roubar
stick /stɪk/	stuck /stʌk/	stuck /stʌk/	apegar
sting /stɪŋ/	stung /stʌŋ/	stung /stʌŋ/	picar (un insecto)
swear /sweə/	swore /swɔː/	sworn /swɔːn/	xurar
sweep /swiːp/	swept /swept/	swept /swept/	varrer
swim /swɪm/	swam /swæm/	swum /swʌm/	nadar
take /teɪk/	took /tʊk/	taken /'teɪkn/	coller, levar
teach /tiːtʃ/	taught /tɔːt/	taught /tɔːt/	aprender, ensinar
tear /teə/	tore /tɔː/	torn /tɔːn/	rachar, esgazar
tell /tel/	told /təʊld/	told /təʊld/	dicir, contar
think /θɪŋk/	thought /θɔːt/	thought /θɔːt/	pensar, coidar
throw /θrəʊ/	threw /θruː/	thrown /θrəʊn/	guindar, tirar
understand /ʌnde'stænd/	understood /ʌnde'stʊd/	understood /ʌnde'stʊd/	comprender, entender
wake up /'weɪk ʌp/	woke up /'wəʊk ʌp/	woken up /'wəʊkn ʌp/	espertar
wear /weə/	wore /wɔː/	worn /wɔːn/	levar posto, vestir
win /wɪn/	won /wʌn/	won /wʌn/	gañar
write /raɪt/	wrote /rəʊt/	written /'rɪtn/	escribir

CADROS RESUMO DAS EQUIVALENCIAS DOS TEMPOS VERBAIS ENTRE O INGLÊS E O GALEGO

Lembra: Os tempos verbais do Subxuntivo galego, tradúcense en inglés polos seus correspondentes en indicativo. Así o Presente de Subxuntivo, o Futuro de Subxuntivo e o Pretérito Imperfecto de Subxuntivo traduciranse igual ca o Presente, o Futuro e o Pretérito Imperfecto de Indicativo, respectivamente.

TEMPOS VERBAIS	TENSES	OUTRAS EQUIVALENCIAS
PRESENTE Eu ando Ti andas El/Ela anda Nós andamos Vós andades Eles/Elas andan	PRESENT SIMPLE I walk You walk He/She walks We walk You walk They walk	
	PRESENT CONTINUOUS I am walking You are walking He/She is walking We are walking You are walking They are walking	PERÍFRASE Eu estou a andar / andando Ti estás a andar / andando El/Ela está a andar / andando Nós estamos a andar / andando Vós estades a andar / andando Eles/Elas están a andar / andando
PRETÉRITO IMPERFECTO Eu andaba Ti andabas El/Ela andaba Nós andabamos Vós andabades Eles/Elas andaban	PAST CONTINUOUS I was walking You were walking He/She was walking We were walking You were walking They were walking	PERÍFRASE Eu estaba a andar / andando Ti estabas a andar / andando El/Ela estaba a andar / andando Nós estabamos a andar / andando Vós estabades a andar / andando Eles/Elas estaban a andar / andando
PRETÉRITO PERFECTO Eu andei Ti andaches El/Ela andou Nós andamos Vós andastes Eles/Elas andaron	PAST SIMPLE I walked You walked He/She walked We walked You walked They walked	
	PRESENT PERFECT I have walked You have walked He/She has walked We have walked You have walked They have walked	PERÍFRASE Eu teño andado Ti tes andado El/Ela ten andado Nós temos andado Vós tedes andado Eles/Elas teñen andado

TEMPOS VERBAIS	TENSES	OUTRAS EQUIVALENCIAS
PRETÉRITO PLUSCUAMPERFECTO	PAST PERFECT	PERÍFRASE
Eu andara Ti andaras El/Ela andara Nós andáramos Vós andarades Eles/Elas andaran	I had walked You had walked He/She had walked We had walked You had walked They had walked	Eu tiña andado Ti tiñas andado El/Ela tiña andado Nós tiñamos andado Vós tiñades andado Eles/Elas tiñan andado
FUTURO	WILL	
Eu andarei Ti andarás El/Ela andarás Nós andaremos Vós andaredes Eles/Elas andarán	I will walk You will walk He/She will walk We will walk You will walk They will walk	
FUTURO DO PRETÉRITO	CONDITIONAL	
Eu andaría Ti andarías El/Ela andaría Nós andaríamos Vós andariades Eles/Elas andarían	I would walk You would walk He/She would walk We would walk You would walk They would walk	
INFINITIVO CONXUGADO	INFINITIVE / GERUND	
Eu andar Ti andares El/Ela andar Nós andarmos Vós andardes Eles/Elas andaren	(to) walk / walking	

Para a tradución do *Future Perfect* e *Future Continuous* repasa as unidades correspondentes deste mesmo apéndice gramatical.